1895

ALMANAQUE GALLEGO

DIRIXIDO POR
F. LAGE É G. DÍAZ

I. FICHA TÉCNICA:

-TÍTULO: *1895. Almanaque Gallego.*

-LUGAR: A Cruña.

-ANO DE COMEZO: 1895.

-REMATA: 1895.

-DURACIÓN: Un ano.

-TOTAL DE NÚMEROS PUBLICADOS: Dato que descoñecemos.

-DATACIÓN: 1895.

-NÚMEROS QUE REPRODUCIMOS: 1.

-DIRECTOR : F. Lage é G. Diaz.

-IMPRENTA: Tip. "La Unión Gallega". A Cruña.

-PREZO: 1 peseta.

-Nº DE PÁXINAS: 161.

-PERIODICIDADE: Anual.

-PUBLICIDADE: As últimas 23 páxinas, ademais das dúas caras da contracuberta.

-ILUSTRACIÓNS: Sen ilustracións.

-FORMATO: 16,5 x 11,5 ctms.

-COLABORADORES LITERARIOS: Fernando G. Acuña, Alejandro

Barreiro, Juan Beltrán, Eu, Constantino Fernández, Salvador Golpe, Dionisio C. Pardo, Eduardo Pardo y Gómez, Carlos Pol, Galo Salinas Rodríguez e Florencio Vaamonde.

-LINGUA: A lingua galega é a única empregada nesta publicación, tanto en verso coma en prosa, e incluso a publicidade, toda en galego.

II. ÍNDICE DE COLABORADORES:

- ACUÑA, Fernando G.: "¿E sería?", poema, p. 87.
- BARREIRO, A.: "Dramas do campo. Os compadres", pp. 96-100.
- BELTRÁN, J.: "A bó pau boa qonteira", pp. 42-48.
  "Cousas da brétema", poema, p. 133.
  "Epigrama", poema, p. 101.
- EU: "Xuicio do ano", poema, pp. 16-20.
- FERNÁNDEZ, C.: "Andacio", poema, pp. 112-114.
  "Custión de Dereito", poema, pp. 106-109.
  "O inverno n'a montaña", poema, pp. 37-39.
  "O páxaro d'a morte", poema, pp. 79-80.
  "Sesión extraordinaria", poema, pp. 26-29.
  "Un valente", poema, pp. 53-55.
- GOLPE, Salvador: "Meus amores", poema, pp. 31-32.
- PARDO, Dionisio C.: "Epigrama", poema, pp. 61-62.
  "Epigramas", poema, p. 70.
  "O niño", poema, pp. 78-79.
  "Sorte d'o demo", poema, pp. 35-37.
- PARDO, E.: "Ida e volta", "(cuasque poema)", pp. 62-68.
- POL, Carlos / POL, Cárlos: "A raposa e o pato", "fábula", pp. 49-53.
  "A romaría", poema, pp. 39-42.
- S/S.:
    - "A cesta", poema, p. 57.
    - "A ela", "(soneto)", p. 125.
    - "A noiva do forneiro", "conto", pp. 76-78.
    - "A voy coxo...", poema, pp. 60-61.

- “Anton Villalar é *Chispas*” ..., poema, pp. 34-35.
- “Ben dito”, poema, p. 80.
- “Bó remedio”, poema, p. 35.
- [Calendario]. “Festas movibres. Témporas. Cómputo eclesiástico. Velacios. Dias en que se quit’ ánema. Letanías”, pp. [3]-15.
- “Cántegas”, cantareas, pp. 110-111.
- [Conto], pp. 25-26
- [Conto], p. 32.
- [Conto], p. 57.
- [Conto], p. 75.
- [Conto], p. 75.
- [Conto], p. 101.
- [Conto], p. 105.
- [Conto], p. 105.
- [Conto], pp. 134-135.
- “D. Eduardo Vicenti Reguera”, p. 69.
- “D. Ramón Bernárdez González. Abade da M. I. Colegiata da Cruña”, pp.73-74.
- “Don Alfredo Brañas y Menéndez”, p. 31.
- “Don José María Riguera Montero”, pp. 88-91.
- “¡¡Galicia!!”, “hino”, pp. 102-104.
- “Léndo un pródeco Xoquín”..., poema, p. 56.
- “Mal feito”, poema, pp. 32-33.
- “Moralexas”, p. 136
- “O conto”, poema, pp. 23-25.
- “O lote”, poema, p. 56.
- “O matute”, poema, p. 60.

- “O polvo”, poema, p. 60.
- “Olleite, meniña”..., poema, pp. 29-30.
- “Os callos”, “conto”, pp. 115-124.
- “Os fantasmas”, “(conto)”, pp. 81-86.
- “Os herdeiros cobizosos”, “conto”, pp. 58-59.
- “Os hovos”, poema, p. 75.
- “Os zapatos”, poema, p. 62.
- “Parola”, rótulo que, dende “Xuicio do ano”, encabeza o resto dos textos, p. [21].
- “Pronto remedio”, p. 114.
- [Publicidade], pp. [137]-[161].
- “Refrás”, p. 135.
- “Rima”, poema, p. 34.
- “Seución recreativa: Charada núm. 1. Rombo núm. 1. Triángolo núm. 1. Charada núm. 2. Charada núm. 3. Cadrado núm. 1. Cadrado núm. 2. Fuga de vocales. Rombo núm. 2. Triángolo núm. 2. Solucios”, pp. 126-132.
- “Sospiros”, poema, pp. 70-72.
- “Tiña razón”, poema, pp. 55-56.
- “Xan Cativo que non tiña”..., poema, p. 76.

- SALINAS RODRÍGUEZ, Galo: “¡Santiago e cerra España!”, “canto épico”, pp. 92-95.
- VAAMONDE, Florencio: “Non vés queridiña”..., poema, p. 29. “Trasporte báquico”, poema, pp. 33-34.

III. ÍNDICE DE COLABORACIÓNS :

- “A bó pau boa qonteira”, por J. Beltrán, pp. 42-48.
- “A cesta”, poema, s/s, p. 57.
- “A ela”, “(soneto)”, s/s, p. 125.
- “A noiva do forneiro”, “conto”, s/s, pp. 76-78.
- “A raposa e o pato”, “fábula”, por Carlos Pol, pp. 49-53.
- “A romaría”, poema, por Cárlos Pol, pp. 39-42.
- “A voy coxo...”, poema, s/s, pp. 60-61.
- “Andacio”, poema, por C. Fernández, pp. 112-114.
- “Anton Villalar é *Chispas*” ..., poema, s/s, pp. 34-35.
- “Ben dito”, poema, s/s, p. 80.
- “Bó remedio”, poema, s/s, p. 35.
- [Calendario]. “Festas movibres. Témporas. Cómputo eclesiástico. Velacios. Dias en que se quit’ ánema. Letanías”, s/s, pp. [3]-15.
- “Cántegas”, cantareas, s/s, pp. 110-111.
- [Conto], s/s, pp. 25-26.
- [Conto], s/s, p. 32.
- [Conto], s/s, p. 57.
- [Conto], s/s, p. 75.
- [Conto], s/s, p. 75.
- [Conto], s/s, p. 101.
- [Conto], s/s, p. 105.
- [Conto], s/s, p. 105.
- [Conto], s/s, pp. 134-135.
- “Cousas da brétema”, poema, por J. Beltrán, p. 133.
- “Custión de Dereito”, poema, por C. Fernández, pp. 106-109.
- “D. Eduardo Vicenti Reguera”, s/s, p. 69.

- “D. Ramón Bernárdez González. Abade da M. I. Colegiata da Cruña”, s/s, pp. 73-74.
- “Don Alfredo Brañas y Menéndez”, s/s, p. 31.
- “Don José María Riguera Montero”, s/s, pp. 88-91.
- “Dramas do campo. Os compadres”, por A. Barreiro, pp. 96-100.
- “¿E sería?”, poema, por Fernando G. Acuña, p. 87.
- “Epigrama”, poema, por Dionisio C. Pardo, pp. 61-62.
- “Epigrama”, poema, por J. Beltrán, p. 101.
- “Epigramas”, poema, por Dionisio C. Pardo, p. 70.
- “¡¡Galicia!!”, “hino”, s/s, pp. 102-104.
- “Ida e volta”, “(cuasque poema)”, por E. Pardo, pp. 62-68.
- “Léndo un pródeco Xoquín”..., poema, s/s, p. 56.
- “Mal feito”, poema, s/s, pp. 32-33.
- “Meus amores”, poema, por Salvador Golpe, pp. 31-32.
- “Moralexas”, s/s, p. 136.
- “Non vés queridiña”..., poema, por Florencio Vaamonde, p. 29.
- “O conto”, poema, s/s, pp. 23-25.
- “O inverno n’a montaña”, poema, por C. Fernández, pp. 37-39.
- “O lote”, poema, s/s, p. 56.
- “O matute”, poema, s/s, p. 60.
- “O niño”, poema, por Dionisio C. Pardo, pp. 78-79.
- “O páxaro d’a morte”, poema, por C. Fernández, pp. 79-80.
- “O polvo”, poema, s/s, p. 60.
- “Olleite, meniña”..., poema, s/s, pp. 29-30.
- “Os callos”, “conto”, s/s, pp. 115-124.
- “Os fantasmas”, “(conto)”, s/s, pp. 81-86.
- “Os herdeiros cobizosos”, “conto”, s/s, pp. 58-59.
- “Os hovos”, poema, s/s, p. 75.

- “Os zapatos”, poema, s/s, p. 62.
- “Parola”, rótulo que, despois de “Xuicio do ano”, encabeza o resto de textos, s/s, p. [21].
- “Pronto remedio”, s/s, p. 114.
- [Publicidade], s/s, pp. [137]-[161].
- “Refrás”, s/s, p. 135.
- “Rima”, poema, s/s, p. 34.
- “¡Santiago e cerra España!”, “Canto épico”, por Galo Salínas Rodríguez, pp. 92-95.
- “Sesión extraordinaria”, poema, por C. Fernández, pp. 26-29.
- “Seución recreativa: Charada núm. 1. Rombo núm. 1. Triángolo núm. 1. Charada núm. 2. Charada núm. 3. Cadrado núm. 1. Cadrado núm. 2. Fuga de voçales. Rombo núm. 2. Triángolo núm. 2. Solucios”, s/s, pp. 126-132.
- “Sorte d’o demo”, poema, por Dionisio C. Pardo, pp. 35-37.
- “Sospiros”, poema, s/s, pp. 70-72.
- “Tiña razón”, poema, s/s, pp. 55-56.
- “Trasporte báquico”, poema, por Florencio Vaamonde, pp. 33-34.
- “Un valente”, poema, por C. Fernández, pp. 53-55.
- “Xan Cativo que non tiña”..., poema, s/s, p. 76.
- “Xuicio do ano”, poema, por Eu, pp. 16-20.

1895

ALMANAQUE GALLEGO

DIRIXIDO

POR

F. Lage é F. Díaz

COLABORADORES

Sres. D.: Salvador Golpe
— Fernando G. Acuña
— Eduardo Pardo y Gómez
— Constantino Fernández
— Florencio Vaamonde
— Galo Salinas
— Carlos Pol
— Dionisio C. Pardo
— Juan Beltrán
— Alejandro Barreiro

A CRUÑA
TIP. «LA UNIÓN GALLEGA»

1894

1895

Almanaque Gallego

DIRIXIDO

POR

FARRUCO LAGE E GUILLERMO DIAZ

A CRUÑA
TIP. «LA UNIÓN GALLEGA»

1894

Xaneiro

31 DIAS

1	M	† A Circuncisión do Siñor.
2	M	S. Narciso e S. Marcelino.
3	J	Sta. Xenoveva abog. d'a lepra
4	V	S. Gregorio mar. e San Trifon.
5	S	S. Aduardo, rey e Santa Apolinarea vrg.
6	D	† A adoración d'os Reis.
7	L	S. Xulían pt. d'o Ferrol e San Xenaro.
8	M	Sta. Gúdula vrg. pat. de Bañolas.
9	M	Sta. Marciana e San Xulian mr.
10	J	S. Gonzalo d'Amarante e San Agaton.
11	V	S. Hixinio papa e San Salvio.
12	S	S. Benito e San Arcadio.
13	D	Sta. Veróneca e San Vitoreano.
14	L	S, Hilario, S. Eufraseo e Sta. Macrina.
15	M	S. Pabro, San Benito.
16	M	Stos. Marcelo e Ticeano.
17	J	S. Antón ab., pat. de Monreal.
18	V	Sta. Margarita, abog. cont'ras terceanas.
19	S	Sta. Xermana e Sta. Marta.
20	D	Sta. Felisa vrg. e San Fabián papa.
21	L	Sta. Inés vrg.
22	M	S. Anastasio e S. Vicente mrs.
23	M	† S. Ildefonso. *Días da S. M. o Rey.*
24	J	Nosa Sra. d'a Paz e San Timoteo.
25	V	Stos. Sabino, Donato e Máusimo.
26	S	S. Policarpo e Sta. Paula vrg.
27	D	Sta. Anxela e San Crisóstomo.
28	L	S. Xulián, S. Cirilo e Santa Inés.
29	M	S. Quirico, Sta. Xulita e S. Farruco de Sales.
30	M	S, Lesmes ab., pt. de Burgos.
31	J	Sta. Marcela e S. Xulio.

Febreiro

28 DIAS

1	V	S. Pabro S. Inacio e S. Severo.
2	S	† A Purificación da Nosa Señora.
3	D	S. Bras abog. da gorxa.
4	L	S. Andres Corsino e S. Gilberte.
5	M	Sta. Agueda, e San Avito.
6	M	Sta. Dorotea e S. Saturniño.
7	J	Sta. Xuliana vig. e S. Romualdo, abad.
8	V	S. Paulo, S. Lucio e S. Donato.
9	S	Sta. Apolonea, vig. y-abog, d,as moas.
10	D	S. Xacinto e Santa Sotera vig.
11	L	S. Martiño mr. e San Desiderio ob.
12	M	Sta. Eulalea e S. Damián.
13	M	S. Marcelo e S. Estebo.
14	J	S. Valentín e S. Vidal.
15	V	S. Faustino e S. Lúcio.
16	S	Stos. Xulian, Faustino e Samuel.
17	D	S. Alexo de Falconieri cfr.
18	L	S. Claudio e San Simeón ob.
19	M	S. Gabino e Nosa Siñora d'o campanar.
20	M	Sta. Irene e San Eleutero ob. e mr.
21	J	S. Felis ob. e San Severeano.
22	V	S. Pascasio e Sta Margarita.
23	S	Sta. Romana e Sta Marta vig e mar.
24	D	S. Matías (En este dia comenz'ó antroido.)
25	L	S. Cesareo, e S. Valero e San Donato.
26	M	S. Alexandro, S. Andres e S. Vítor.
27	M	*Miércoles de Cinza*, S. Basileo.
28	J	S. Xusto, S. Basileo e S. Procopio conf.

Marzo

31 DIAS

1	V	S. Rosendo pat. de Mondoñedo.
2	S	Sta. Xenara e San Simpliceo.
3	D	S. Celedonio e Sta. Cunegunda.
4	L	S. Casimiro, pt. dos xastres, S. Lucio e S. Cayo.
5	M	S. Eusebio, Teófilo y-Adrián.
6	M	S. Cirilo e San Vitoreano.
7	J	Sto. Tomás de Aquino cfr. e Sta. Perpétua.
8	V	S. Urbano e S. Xuan de Díos abg. d'a loucura.
9	S	Sta. Catalina de Bolonia.
10	D	S, Alexandre e S. Militón.
11	L	S. Eulogio e San Fermín.
12	M	Nosa Sra. da Misericordea.
13	M	S. Leandro arz. de Sevilla.
14	J	Sta. Matilde emperat.
15	V	S. Raimundo abad e San Longinos.
16	S	S. Hilario, S. Agapito e S. Xulián.
17	D	Sta. Xertrudis e San Patricio pat. de Murcia.
18	L	S. Gabriel Arcanxel e S. Narciso.
19	M	† S. José marido da Santísma Virxen.
20	M	Sta. Eufemia e San Ambrosio.
21	J	S, Benito abad e fr. e S. Filermón.
22	V	S. Deogracias e San Saturniño.
23	S	S. Fidel e S. Toribio arz. de Lima.
24	D	S. Simón, S. Agapito e S. Segundo.
25	L	† Anun.on da Nosa Sra. e Encr. do fillo de Dios.
26	M	S. Braulio e Sta Euxenea.
27	M	S. Ruperto, Sta. Lidia e San Alexandre.
28	J	S. Castor e San Sixto III papa.
29	V	S. Bartolo, S. Pastor e San Eustaseo.
30	S	S. Régulo e S. Xuan Clímaco, abad.
31	D	Sta. Balbina, S. Amadeo e San Amós.

Abril

30 DIAS

1	L	Sta. Teodora e S. Macario.
2	M	S. Farruco de Paula e San Abunolio ob.
3	M	Stos. Benito e Ricardo.
4	J	S. Ambrosio e Sto. Toribio de Liébana.
5	V	de *Delores* S. Vicente Ferrer.
6	S	Stos. Guillermo e Celestíno.
7	D	de *Ramos* Stos. Donato e Rufino mrs.
8	L	S. Alberte e Sta. Máusima.
9	M	S. Marcelo e Sta. María Cleofé.
10	M	S. Daniel e San Trifonte.
11	J	*Santo* S. León e San Antipas.
12	V	*Santo* Sta. Bibiana, e S. Xulio.
13	S	*Santo* ou de *grorea*, S. Hermenexildo.
14	D	de *Pascoa* San Tiburcio.
15	L	S. Mauximo e Sta. Anastasea.
16	M	Sta. Engracia e San Lamberte.
17	M	S. Aniceto e San Elías.
18	J	Sto. Toribio ob. e pat. d' Astorga.
19	V	S. Xorxe e San León XI papa.
20	S	S. Marcelino e Santa Inés.
21	D	de *Pascuiña ou Cuasimodo*, S. Anselmo.
22	L	Nosa Sra. d'as Angusteas
23	M	S. Clemente e S. Adalverte.
24	M	S. Honorio e San Xuan d'a Cruz.
25	J	S. Marcos e S. Estebo.
26	V	Nosa Sra. da Cabeza.
27	S	Sto. Toribio de Mogrobexo.
28	D	Nosa Sra. a Divina Pastora e San Estebo.
29	L	S. Paolino e San Pedro de Verona.
30	M	S. Amador e S. Lourenzo.

Mayo

30 DIAS

1	M	S. Felipe e Santiago.
2	J	S. Atanasio. En Madrí *festa nacional.*
3	V	S. Alexandre e Santa Antoniña.
4	S	Sta. Mónica e Sta. Antona.
5	D	S. Pio V papa e Santa Crescenciana.
6	L	Nosa Sra. de Belén pt. d' Almansa.
7	M	S. Agustin e S. Benediuto.
8	M	Nosa Sra. dos Desamparados.
9	J	S. Lucas e San Gregorio Nacianceno.
10	V	S. Antoniño arz. de Frorencia.
11	S	S. Anastaseo pt. de Lérida.
12	D	S. Xermán e S. Pancracio.
13	L	Nosa Sra. dos Mártires.
14	M	Sta. Xusta, Sta. Xustina e San Bonifacio.
15	M	S. Isidro, labrador, pt. de Madrí.
16	J	S. Ubaldo e San Xuan Nepomuceno.
17	V	S. Bruno e San Pascoal Bailón.
18	S	Sta. Emerenciana pt. de Teruel.
19	D	Sta. Ciriaca e Santa Prudenceana vrxs.
20	L	S. Bernardiño do Sena,
21	M	S. Sineseo e San Vitorio,
22	M	Sta. Elena e Sta. Rita de Casia.
23	J	† A *Ascensión do Siñor* e San Miguel.
24	V	Sta. Susana e San Torcuato.
25	S	Sta. María Madanela e S. Gregorio VII papa.
26	D	S. Felipe, abg. contr'os males d'as articulaciós.
27	L	Sta. Restituta e San Xuan papa.
28	M	S. Xermán e San Xusto.
29	M	Sta. Teodosia e San Alexandre mr.
30	J	S. Fernando, rey d' España e San Gabino.
	V	S. Pascasio, diácono e Sta. Petronila.

San Xuan

30 DIAS

1	S	Nosa Siñora d'a Luz.
2	D	*Pascoa de Pentecostés* Santos Pedro y-Erasmo.
3	L	Sta. Paula e San Ovidio.
4	M	S. Farruco Caracciolo.
5	M	Stos. Bonifacio e Doroteo.
6	J	Stos. Felipe e Norberto.
7	V	S. Xeremías mj e San Licarión.
8	S	S. Medardo e San Eradio.
9	D	A Santisma Trinidade e San Xulián.
10	L	Stos. Restituto e Críspulo mrs.
11	M	Stos. Zacarías e Fortunato.
12	M	S. Xuan de Sahagún.
13	J	† *Smun Corpus Christi.*
14	V	Stos. Rufino y-Eliseo.
15	S	Nosa Siñora d'os milagros.
16	D	S. Farruco de Régis e San Benón.
17	L	S. Manoel abg. contr'os dóres de costado.
18	M	Sta. Paula pat de Málaga.
19	M	Stes. Xervasio e Protasio mrs.
20	J	Stos. Inocencio e Novato.
21	V	O Sagrado Curazón de Xesús.
22	S	S. Paolino Obispo e S. Albano mr.
23	D	O Purismo Curazon de María.
24	L	A Natividade de S. Xuan Bautista.
25	M	S. Guillermo e Sta. Lucía.
26	M	S. Xuan e San Pabro herms. mars.
27	J	Stos. Zoilo y-Antelmo.
28	V	S. Leon II papa e cfr. e San Paulo.
29	S	† S. Pedro e San Pabro apóst.
30	D	A preceosa sangre de Xesucristo e S. Marcia

Santiago

31 DIAS

1	L	Stos. Martín e Galo obs.
2	M	A Visitación de Nosa Siñora:
3	M	Stos. Xacinto y-Heliodoro.
4	J	Stos. Oseas y-Ageo profts.
5	V	S. Miguel d'os Santos.
6	S	Sta. Lucía e San Rómulo.
7	D	S. Fermín abg. da hidropesía.
8	L	Sta. Sabela e San Procopio,
9	M	Stos. Cirilo, Zenón y-Alexandre.
10	M	S. Cristobo e Sta Rufina hms. mr.
11	J	San Pío I papa y mr.
12	V	Sta. Marciana abg. d'os golpes.
13	S	Stos. Euxenio y-Anacleto papa e mr,
14	D	Stos. Xusto e Marcelino confr.
15	L	S. Enrique empr. y-abog. d'asma.
16	M	Nosa Siñora d'o Carme.
17	M	S. Leon IV papa e San Alexo confr.
18	J	Stas. Sinforosa e Marina.
19	V	S. Vicente de Paxu é Sta. Xusta.
20	S	S. Elías e Sta. Librada,
21	D	Sta. Práxedes mr. † n'a Cruña.
22	L	Sta. María Madanela.
23	M	Sta. Brígida e San Liborio ob.
24	M	S. Victor e Sta. Cristina.
25	J	† Santiago Apostol pat. d' España.
26	V	Sta. Ana, nai de Nosa Siñora.
27	S	S. Pantaleón abg. contr'a langosta.
28	D	Stos. Nazario y-Eladio.
29	L	Sta. Marta e San Próspero.
30	M	Sta. Carmona e San Rufino.
31	M	S. Inacio de Loola abq. contr'as calenturas.

Agosto

31 DIAS

1	J	S. Felix pat. de Játiva.
2	V	Nosa Siñora d,os ánxeles.
3	S	Stos. Esteban y-Eufrosio.
4	D	Sto. Domingo de Guzmán folr.
5	L	Nosa Siñora d'as Neves.
6	M	A trasfiguración de San Xusto e Pastor.
7	M	Stos. Alberte e Caetano.
8	J	S. Ciriaco pat. de Ibiza.
9	V	Stos. Román e Marciano mrs.
10	S	S. Lourenzo mr. abg. d'os Incendios.
11	D	S. Tiburcio e Santa Susana.
12	L	Sta. Crara e San Eusebio.
13	M	S. Hipólito e Santa Elena.
14	M	Stos. Eusebio mr. e Calixto.
15	J	† A Asunción de Nosa Siñora.
16	V	S. Roque c. abog. d'a peste.
17	S	S. Mirón e Santa Xuliana.
18	D	S. Xoaquin, pai de Nosa Siñora.
19	L	S. Luis ob. e Sta. Tecla.
20	M	Stos. Samuel e Lúcio.
21	M	Stos. Fidel e Xermán.
22	J	Stos. Timoteo e Sinforiano.
23	V	S. Felipe e San Claudio mr.
24	S	S. Patricio ob. e Sta. Aurea vrg.
25	D	S. Luís Rey de Francisco.
26	L	Stos. Segundo y-Alexandre mars.
27	M	S. Rufo abg. d'os aflixidos.
28	M	Stos. Moisés e Cayo.
29	J	S. Adolfo e Sta. Sabina mr.
30	V	Sta. Rosa de Lima.
31	S	Nosa Siñora do Bon Viaxe.

Setembre

30 DIAS

1	D	Stos. Xil e Srupo abg. d'os males d'a gorxa.
2	L	S. Antolín pat. de Palencia e Medina do Campo.
3	M	Stos. Ladislao e Zenón.
4	M	Nosa Siñora d'a Consolación.
5	J	Stos. Lorenzo y-Urbano.
6	V	Srss. Euxenio e Patronio
7	S	Nosa Siñora d'os Reis e Sta. Rexina.
8	D	† Natividad d'a Nosa Siñora.
9	L	Sta. María d'a cabeza e San Doroteo.
10	M	Nosa Siñora d'as viñas.
11	M	Stos. Xacinto e Silvino ob.
12	J	Stos. Lourenzo e Guido confr.
13	V	S. Eloy pat. d'os ferreiros.
14	S	Stos. Cornelio e Crescencio.
15	D	O doce nome de María e San Nicomedes.
16	L	Sta. Lucía e Sta. Eufemia.
17	M	Nosa Siñora d'a Atocha † en Madri.
18	M	Stas. Irene e Sofía.
19	J	Sta. Costanza e San Elías.
20	V	S. Eustaquio e Sta. Susana.
21	S	S. Mateo pat. de Logroño.
22	D	Stos. Florencio e Silvano.
23	L	S. Lino e Sta. Tecla.
24	M	Nosa Siñora d'as Mercedes.
25	M	S. Fermín † en Pamplona.
26	J	Stos. Eusebio e Cipriano.
27	V	Stos. Cosme e Damián pt, dos médicos.
28	S	Stos. Marcos y-Eustaquio.
29	D	A Dedic. de S. Miguel Arcánxel.
30	L	Stos. Gregorio e Xerónimo.

Outono

31 DIAS

1	M	O Santo ánxel Custodio d'e España.
2	M	Os ánxeles d'a Garda.
3	J	S tos. Dionisio e Fausto.
4	V	S. Farruco de Asís cfr.
5	S	S. Froilán pat. d'e León.
6	D	Nosa Siñora do Rosario.
7	L	S. Marcos papa e cfr.
8	M	Sta. Brígida vrg. e San Demetrio mr.
9	M	Nosa Siñora d'a Cinta.
10	J	S. Frorencio e San Paolino.
11	V	Stos. Nicasio e Fermín.
12	S	Nosa Siñora d'os Remedios.
13	D	Stos. Aduardo e Teófilo.
14	L	Stos. Bernardo e Calixto papa.
15	M	Sta. Teresa do Xesús.
16	M	Stos. Ambrosio e Saturnino.
17	J	S. Mariano e Sta. Mamerta.
18	V	S. Lucas apóst. y-evang.
19	S	Stos. Tolomeo é Lucio mr.
20	D	S. Caprasio e Sta. Irene.
21	L	Sta. Úrsula e San Asterio.
22	M	Stos. Capristano e Marcos.
23	M	S. Pedro, Pascoal e Xermán.
24	J	S. Rafael Arcanxel pat. d'os camiñantes.
25	V	S. Crispín pat. d'os zapateiros.
26	S	Stos. Evaristo e Frorencio.
27	D	S. Vicente e Santa Sabina.
28	L	S. Simón e San Xudas Tadeo apóstol.
29	M	S. Pabro abg. contr'as palpitaciós d'o curazón.
30	M	Nosa Siñora d'o Amparo.
31	J	S. Quintín abog. d'a Hidropesía.

Samartiño

30 DIAS

1	V	† Festa de todol'os Santos.
2	S	A Conmemoración d'os difuntos.
3	D	Stos. Valentín e Vidal.
4	L	S. Carlos Borromeo, arz.
5	M	S. Zacarías prf. e Santa Sabela.
6	M	Stos. Leonardo e Vinoco.
7	J	Stos. Amando y-Aquiles.
8	V	Stos. Severiano e Godofredo.
9	S	S. Teodoro mr.
10	D	S. Andrés Avelino mr.
11	L	Stos. Toribio e Martín.
12	M	S. Diego de Alcalá.
13	M	S. Euxenio III e San Rufo.
14	J	S. Serapio abg. d'os cólicos
15	V	S. Euxenio I arz. e pat. de Toledo.
16	S	S. Marcos e San Federico.
17	D	S. Díonisio e Sta. Vitoria.
18	L	S. Pedro Pablo e S. Román.
19	M	Sta. Sabela Reyna de Hungría.
20	M	Stos. Edmundo y-Agapito.
21	J	S. Rufo e San Esteban.
22	V	S. Mauro mr. e Sta. Cecilia.
23	S	S. Clemente abg. d'os naufragios.
24	D	Sta. Flora e San Xuan d'a Cruz.
25	L	Sta. Catalina vrg. e pat. de Jaén.
26	M	Os Stos. Mrs. de Córdoba.
27	M	S. Facundo pat. de Sahagún.
28	J	S. Gregorio III papa.
29	V	Stos. Andrés e Demetrio.
30	S	S. Andrés apostol.

Nadal

31 DIAS

1	D	I d' Adviento Santa Candida.
2	L	Sta. Bibiana abog. d'os accidentas.
3	M	S. Farruco Xavier † en Navarra.
4	M	Sta. Bárbara pat. d'os artilleiros.
5	J	Sta. Crispina e San Anastaseo.
6	V	S. Colás de Barri pat. d' Alicante.
7	S	Stos. Teodoro y-Ambrosio.
8	D	II d' Adviento † a Purisma Conc.ón
9	L	Stos. Cipriano e Restituto.
10	M	Sta. Eulalia virxen.
11	M	S. Dámaso papa.
12	J	Nosa Siñora de Guadalupe.
13	V	Sta. Lucía abog. d'os escribanos.
14	S	Stos. Nicasio e Xusto.
15	D	III d' Adviento Sta. Cristina.
16	L	S. Valentín mr. e Sta. Adelaida.
17	M	S. Franco d'o Sena. e San Lázaro.
18	M	Nosa Siñora da O e San Rufo.
19	J	S. Timoteo e San Segundo.
20	V	Sto. Domingo de Silos abg. d'a rabia.
21	S	Sto. Tomás apóst. e San Anastaseo.
22	D	IV d' Adviento San Zenón.
23	L	S. Colás Fautor.
24	M	S. Gregorio presbítero.
25	M	† A Natividá do noso Señor Xesucristo
26	J	S. Marino e San Dionisio papa.
27	V	S. Juan apostol.
28	S	Os Santos Inocentes.
29	D	Sto. Tomás Cantuariense.
30	L	Stos. Sabino e Liberio.
31	M	S. Silvestre papa e Sta. Paolina.

Festas movibres

Domingo de Seutagésima—10 de Febreiro.
Miércoles de Cinza—27 de Febreiro.
Pascoa da Resurreución—14 d' Abril.
Asunción do Siñor—23 de Mayo.
Pascoa de Pentecostés—2 do San Xuan.
A Santisma Trindade—9 de San Xuan.
Smún Corpus Christi—13 de San Xuan.
Domingo entre Pentecostes y-Adviento—25 de S. Xuan.
1.º Domingo d' Adviento—1.º de Nadal.

Témporas

As primeiras—6, 8, e 9 de Marzo.
As segundas—5, 7, e 8 dc San Xuan.
As terceiras—18, 20, e 21 de Setembre.
As últemas—18, 20, e 21 de Nadal.

Cómputo ecleseástico

Aureo num. 15
Epauta IV
Ciclo solar 28

Indícion Romana VIII
Letra Dominical F
Letra d' o martirologio romano D

Velacios

Abrense ó 7 de Xaneiro e 22 d' Abril.
Cérranse ó 23 de Xaneiro e 30 de Samartiño.

Dias en que se quit' ánema

O 10 de Febreiro.
O 5, 16, 17, e 24 de Marzo.
O 5, 6 e 17 d' Abril y
O 7 e 8 de San Xuan.

Letanías

O 25 d' Abril—y-o 20, 21 e 22 de Mayo.

XUICIO DO ANO

Sábio leutor: Esquencido
cuáseque vinte e seis anos,
fun por todol-os gallegos
que sin piedá me deixaron
entre o seo d' o abandono,
por non gastar catro cartos
en lavarme un pouco a cara
pra sair todol-os anos
com' os demais Almanaques,
ou si se quer mais finxado
(cal diría un portuxés
si me estivera escoitando)
Dendes qu' aquel Soto Freire
qu' era o meu úneco amparo
se esquenceu de min, quedei
coma quen dice, enterrado
n-as negras sombras d' olvido
e d' a falta de entuseasmo.
Pro n' hay mal que un sigro dure,
e pol-o mesmo, iste ano
eiquí me tes novamente,
cal morto resusitado,
cheo de vida e saúde
e de satisfaución farto
por atopar dous rapaces
que d' a soedá me furtaron.
E certo que valen pouco.
ambos á dous ¡Malpocados!

pro non poden moitas veces
os xigantes cós enanos,
e si non véxas' a proba
qu' en mes e medio hilvanaron
—c'a axuda de algus amigos,
pois e ben todo falalo—
estas follas que me cobren
e me dan vida iste ano.
Penso que para parola
abonda xa c'o falado,
y-e millor deixal-a palla
prá ir direitos á-o gráo,
que hay que esprical-o programa
astrónomeco do ano
qu'a rexi-los doce meses
n-iste novo calendareo,
ou Almanaque, pois penso
qu'é o mesmo pr' ó caso.
Según as crónecas todos
d'os mais afamados sábios,
ha de faguer moi bon tempo,
coma nó'ó faga malo;
e por siguil-á cóstume,
choverá tamen pra baixo.
O sol virá pol-o Ourente
ó mesmo qu'anos pasados
e locirá as suas galas
cal rey de todo l-os astros,
si non hay nubes n-o ceo
que ó teñan entoldado.

Ha facer n-o inverno frio
y-a de ser tan condanado
qu'o han de sentil-os corpos
coma n-esten arroupados.
Os ventos virán tamen
á semental-o arruallo
pol-as cabezas de algús,
que d'envidea e noxo fartos,
hánse de sentir valentes
y-han facer por quirticarnos,
rachándonol-o pelexo
dendes d' enriba hastr' abaixo.
Istes ventos medrarán,
e farán, por de contado,
que choivan tantos poetas
coma dias ten ó ano,
e cuiden que facer versos
e coma facer zapatos,
e sementen ilusiós
pra recoller desinganos.
S'astronomía non mente,
y-eu n'estou atrabucado,
ha facer n-o Inverno frio
coma calor n-o verano.
Os labregos que sementen
poden ter por de contado
unha colleita moi boa
de todal-as clas de graos;
coma non se perd' á anada,
que si quer Dios e moi amo
de facer ó seu antoxo,

pese á todol-os humanos.
Isto todo, e moito mais,
que non e para contado,
ha pasar nos doce meses
que compoñen iste ano;
y-agora vou a espricar
ó programa d'iste chao,
porqu'é de tanto interés
com'o programa espricado.
Os caciques d'as aldeas
han de siguir sendo malos
é mercarán eleutores
y-han facer mil pucheirazos
pra ganal-as eleuciós
e sacar mil deputados,
que ll'ofrecerán o Pobo,
cuasque c'o pucho n'a mau
mil cousas, qu'han de facer
cand'eu sea Padre Santo.
Han facer economías,
suspendendo uns empleados
d'os que teñen mil pesetas
pra sueldo de tod'ó ano;
é para qu'o presuposto
poida quedar nivelado,
aumentarán xenerales,
é soprimirán soldados.
S'as cousas se poñen mal
é non chegaran os cartos,
rebaixarán ós porteiros
(botándolle pol-o baixo),

tres reás d'unha peseta,
ou ben, tres partes de catro;
é para sostel-as cargas
d'os que han de siguir cobrando,
por exempro: «dez millós»,
rubirán, s'e necesareo,
as contrebucios, é todo
hastra á cúspede d'o espaceo.

.....

.....

E todo d'a mesma sorte
(si n'estou atrabucado),
ha siguir déndes Xaneiro
hastra arromatal-o ano.

Eu

PAROLA

O CONTO

Pol-o camiño d'a Silva
iba Rosiña d' Esteba;
ollouna un garrido mozo
o chegándose ond'a éla,
puxo á monteira d'un lado,
cuasqu'enriba d'unha orella,
e dandoll'as boas tardes,
dixo con moita fachenda:
—¿Pra donde vas, miña xoya,
camiñando tan lixeira?
—Pra dond'as pernas me leven—
dixo de contado éla.
—Pois eu irei cand'a tí
sin me cansar abofellas,
que máis qu'as tuas perniñas
andarán miñas canelas.
—Non necesito compaña,
que soila ben se goberna
quen distingu' estes camiños.
—Non me digas eso prenda,
que si non fora contigo

seique morría de pena.
—Si morres fas un defunto
—¡Que xénio malo tés, nena.
—Eu teño o que Dios me deu
—Pombiña ¡si ch'o collera!...
—¿O qué?.. ¿O xénio?
—Non, rapaza,
outra cousiña quixera;
pro sentémonol-os dous
y-escóitame miña meiga.
—Estas meigas nunca fuxen
anque «vosté» nonh'o crea
—Boh! tí, boa meiga serás
que t'asomellas as meigas;
pois con eses ollos meigos
enmeigarás á calquera.
—¡Diría que toleara
s'a vosté creto lle dera!
—¿E si che contara un conto,
un conto da miña terra,
un conto que nunca esquencen
as rapaciñas solteiras?
—Sendo un conto pequeniño,
cóntamo que teño presa.
—Sentémonos, pois, meu sol,
eiquí que naide nos vexa.
Y-agarrados pol-a man,
foron andando hastr'a veira
d'un arbre de pechas follas
y-achantándose na herba,
parola, que te parola,

estiveron hora é media,
e moito mais parolaran
si Rosa ond'ir non tivera.
O mozo contoull'o conto,
e según din malas léngoas
á rapaza, sin querelo,
volveuse com'á manteiga,
(y-eso qu'era á mais finxada
que había na süa aldea).
E cando d'alí se foron
dixoll'ó mozo—Adios, meiga;
mañá t'espero outra vez,
pois d'o conto ind'algo queda.
En efeuto, éla alí estivo,
mais él non volveu á vela;
y-anque pasou moito tempo
non esquence ó conto á nena.
¡Probiña!... Dend'aquel dia
perdeu ó cór d'as meixelas.
Naide deb' adeprender
os contos d'esta maneira
¡¡Aordádevos de Rosa,
rapaciñas casadeiras!!

***

*
* *

Saindo un capador d'a casa d'un alcalde, fixo soar ó chifre que teñen para se anuncear ós veciños.

Un d'éstes chamouno pra que lle capara un cocho que mercara ná feira pouco tempo había, y-o preguntarlle canto lle levaba por caparllo, respondeull'o capador:

—Unha peseta.

—Trinta cartos—respondeu ó veciño.

Non vai menos—repux'ó outro dispoñéndose á largar.

—Pro escoita—añadeu ó veciño—¿paréceche pouco trinta cartos por deixal-o quino sin aparellos?

—Pol-o cocho d'o siñor alcalde, derónme cinco reas, é mais quedouse sin eles cema eu quedei sin abós.

*
* *

SESIÓN EXTRAORDINARIA

—

Un alcalde fusioneiro,
de monteira, por supuesto,
ó seu modo un presupuesto
pr'o distrito proyeutou,
e sin consultar pirmeiro
co-a xunta, qu'era contraria,
á sesión extraordinaria
pra aprobalo convocou.
Acudiron dilixentes
ó Concexo os asociados
á combatir perparados
d'o Alcalde ó proyeuto aquel,
y-entre todol-os presentes,
que dous bandos compoñían,
tan solo berros se oían
ó darse leutura d'el
Seis horas así levaban
sin poder naide entenderse,
tendo ó fin que suspenderse
por tal causa á descusión;
e mentras us protestaban

bruando como becerros,
pedían outros á berros
se sospendese á sesion.

Amoscado ó presidente,
que nada tiña de manco,
subiuse enriba d'un banco
co-a campanilla n'as más,
y-o' querer calmal-a xente,
inda ben n'abriu á boca,
cascáronlle c'unha moca
n'o lombo, un pao por detrás.
—¡Fora o Alcalde!—algús gritaron—
—¡Fora, fora ese larpeiro!—
Revolveuse o galiñeiro
sin nada en pé alí quedar;
mesas e sillas rolaron
pol-o chán feitas pedazos,
y-us en outros á trompazos
se empezaron á mallar.

.....

.....

Logo foise apaciguando
pouquiño á pouco ó cotarro;
ó Alcalde fixo un cigarro
con toda tranquilidá;
y-un momento aproveitando
en qu'á calma era compreta,
o discurso lles espeta
que en copia ó leutor verá.
—Señores: Non pasou nada;

que todo quede n'a casa;
ó que ocurriu hoxe, pasa
hastra no mesmo Madrí;
¿Non s'armou unha algueirada
fai pouco no Palramento,
que ni en un pronunciamento
se dan os vivas que alí?

¿Non bourean no Congreso
os nosos Representantes,
véndose á poucos istantes
xuntiños do brazo ir?
Pois si os d'enriba fan eso,
anqu'os d'abaixo bouremos
n'estraño, pois non sabemos
d'outro modo discutir.

O bourear está de moda
y-a naide ó bureo extraña;
nos Monecipios d' España,
como n'as Deputaciós,
perdeuse á costume toda
de falar sin alteriarse,
e sole por nada armarse
algueiradas n'as sesiós

Pro discutindo sigamos,
e deixemos agora esto:
—¿Aproba este presupuesto
a Xunta monicipal?..

A XUNTA—¡Aprobamos, si aprobamos!
O ALCALDE—Pois logo por hoxe basta:—

Señores; ¡¡Viva Sagasta
y-o partido liberal!!

C. FERNANDEZ.

*
* *

¿Non vés queridiña
No Outono tristeiro,
Como cán as follas
A impulsos do vento?
¿Non ves como voan
Os anos, ligeiros,
Que os homes non poden
Jamais detenel-os?
Así che son nena
Os goces que temos,
Míseros, que duran
Cal déble lostrégo.

FLORENCIO VAAMONDE

*
* *

Olleite, meniña
xa fai algún tempo;
falamos d'amores
y-ainda relembro
as doces palabras
qu'os dous nos dixemos
Eras moi noviña
y-eu fun o primeiro

que fixo sintiras
sospiros n-o peito.
E fuches meu ánxel,
pois ánxel d'o ceo
somellas, roliña,
qu'os teus ollos negros,
teus dentes branquiños,
teus louros cabelos,
teus beizos tan roxos,
teu corpo tan feito.
Quixémonos moito,
pro púxose en medio
envexa treidora
que foi desfacendo,
amores tan puros,
amores tan tenros.
Mais hoxe, meniña,
contentos volvemos
á sentil-o fogo
d'os amores vellos;
e nin malas fadas,
envexas, nin demos,
podrán sopararnos;
pois sabes de certo
a grande querencia
qu'eu á tí che teño.

***

D. Alfredo Brañas y Menéndez

Hoxe que a cencia non é mais que o que queren media dúcia de lampantís e famentos, é moi difícile atopar con homes como D. Alfredo.

Catedrático moi xóven por oposición, soilo disgustos e doores de chola débelles os galos que dende o poleiro d'os Madriles otrécennos protención e non sei cantas cousas mais todo-los días.

O seu saber, fillo d'a sua intelixencia y apricación, foi ó úneco padriño que D. Alfredo tivo pra chegar ó que é.

Suas obras científicas, que hoxe sirven de texto n-as ćrases que esprica n-a universidade santiaguesa, *Economía e Facenda*, son boa proba d'o que deixo dito.

Pro si como home de cencia veríanos sempre que con nos atopase c'a pucha n'a man; non ocuparía, sin embargo, por eso soilo, unha folla d'o almanaque.

Si hoxe y-eiquí facémoslle xusticia, e por que don Alfredo, non soilo é un poeta rexional d'os pirmeiros, sinon tamen ó pirmeiro que n-a nosa rexión deu forma científica a organización rexionalista.

O seu descurso «*A descentralización*» y-o seu libro «*O rexionalismo*», son duas xoyas que todo-los gallegos amantes da sua terra debería mos sabelas de mamoria.

***

MEUS AMORES

Dous amores á vida
Gardar me fan;
A Patria, y ó qu'adouro
No meu fogar.

A familia, y-á terra
Donde nacín...
¡Sin eses dous amores
Non sei vivir!

—

Cando xa no meu peito
Non sinta amor;
Cando da miña terra
Non vexa ó sol...
Ven morte, ven axiña
Cabo de min:
¡Que sin amor nin Patria
Non sei vivir!

SALVADOR GOLPE.

*
* *

Un mozo tan tolo como fachendoso, viña de servir ó Rey, y-atopando unha rapaza labando n'un río e non sabendo que falarlle, dispois de mirala un bó anaco lle dixo:

—«Lavandeira que lavas, si lavas, e ..... porque lavas».

—Fuches ben burro—repuxo á rapaza—en collel-a licencia, tendo tanta esprica.

MAL FEITO

Collendo nabos Andrés,
veu que un rapaz lle furtou
un d'eles e qu'escapou
dando n'o cú c'os dous pes.
Ceibase sobr'él Andrés,

guindando zoca tras zoca,
e dixo:—Correr me toca
pra pillarte—Pr'o rapaz,
pra librarse d'o de atrás,
doulle c'o nabo na boca.

***

Trasporte báquico

—

Bebamos rapaces,
Os vasos valeiros
Deixemos, que logo
De novo encheremos.
¡Que viño tan rico!
¡Que viño tan testo!
Mirai cal rebrinca
Bulindo, fervendo.
¡Que bó! ¡Que ven sabe!
Bebede sin medo;
Botade outra copa,
Seguide bebendo,
Que ó viño nos cura;
Por él esquencemos
O mal que nos creba,
E da-nos alento,
E da-nos mil goces,
E da-nos bon génio,
El é poderoso,
Con bastante imperio
Como que é de Baco
Fillo predileito

Amigo de risas,
Festas e contentos
Ninguen nel enfere.
¡Termade! ¡Bon peito!
Bebamos de novo,
Non demos afeuto,
Que si é que privados
Tal vez nos poñemos
Un sóno ben doce
Virá á socorrernos
E en brazos do sóno
Felices seremos.

FLORENCIO VAAMONDE.

RIMA

Pirmeiro á crar' aurora;
Despois o Sol qu' ecrisa á luz pirmeira,
E logo á negra noite
Que mata tod'a luz por ley Suprema.
As'é do home á vida;
Pirmeiro á luz d'a aurora, vida nena,
Despois ó Sol, vida home,
E logo á noite, morte, vida eterna.

***

***

Anton Villalar é *Chispas,*
Xorxe Pan é *Borracheiras,*
Anxel Paradela é *Trúpecas,*
e Manoel Anton *Jumeras;*
fóronse pol-as *estopas,*

e pasando pol as *peas*,
atopáronse c'as *pîtemas*,
e quedaron n'a *taberna*.

***

BÓ REMEDIO

—

O lunes pol-a mañan
foron ás uvas Xaquín
y-o seu fillo Valentín,
que ó fillo máis folgazan
máis larpeiro é galopín
Ib'á subil-o rapás
é dí-o pái:—Deixo que subas
pro níngunha comerás;
pois qu'asubiar terás
mentras me collal-as uvas.

***

Sorte d'o demo

—

Cando á disgracia ven,
ven por xunto.
(Dito d'o Pobo.)

—¡Meu Dios! Que soliños
nos imos quedando—
Aló n'a sua casa
dicía chorando,
un home velliño
de branca guedella
que dis que lle chaman
Tomás de Contella.

—¿Qué ten? meu homiño
¿Qué ten?—lle pregunto

—Que todos meus nenos
morreron por xunto

O diaño d'a peste
qu'a todos ataca,
matoume seis nenos
é mais unha vaca.

E catro almalliños
que tiña n'a corte
a fada d'o diaño
levoumos, de sorte;
qu' eiquí nos quedamos
sin cartos, nin vacas,
sin bóis, e sin nenos,
y-ainda as patacas
perdímolas todas
en esta colleita;
de modo qu' a fame
á min xa me deita.

Y-o siñor alcalde
que seica é d'o inferno,
comprindo c' as órdes
que ten d'o Goberno,
embargam' as poucas
terriñas qu' eu teño,
e diga siñore
¿n'e cousa d'o deño?
Parésceme á min
qu' así debe ser
pois hastra lle vexo
n'a cam' a muller.

Por eso eu dicia
fay pouco chorande

«¡Meu Dios! que soliños
nos ímos quedando.»

DIONISIO C. PARDO

O inverno n'a montaña

Marchous'o vranciño,
fuxeu á alegría,
á vella xa fía
sentada n'o lar;
as mozas n'o liño
cantando espadelan
y-as maus outras pelan
ó millo esfollar.

O cuco escapounos
é mais á anduriña,
non s-oye á ruliña
nin ó paspayás;
ó merlo deixounos
pois non asubía;
á auga está fría,
non cantan ás rás.

Os corbos xa veñen
co-as pegas preeiras
á centos, as leiras
votando á perder;
os páxaros teñen
qu'estar abrigados
por entr'os valados
sin ter que comer.

Os cás n'as palleiras
de día oubeando,

n'as cortes ó gando
sin ir á pastar;
nadando ás cañeiras
por falta d'estrume
y-as casas sin lume
nin ter que queimar.

A facenda toda
co-a moita xiada,
de cote encerrada
sin ó monte ver:
ó carro sin roda
por ningún camiño
y-o millo ó muiño
non pode moer.

De folla despidos
os álbres xa vemos;
as cheyas ás temos
aló n'o pinar:
os campos froridos
convírtense en ríos
y-as prantas c'os fríos
as vemos secar.

Non s'oyen n'a braña
cantal-as mociñas,
gardando as vaquiñas
como aló n'o vran,
nin mozos, con maña,
pegando aturulos
ceibárense á rulos
con elas n'o chan.

Non hay xa bon cheiro
n'as corredoiriñas,

nin se ven froliñas
de bon rescender;
pois solo ó loureiro
n'as hortas metido,
se ve tan garrido
sin nunca morrer.

Non hay romarías
nin xente n'as eiras;
as mozas solteiras
n'as casas están,
tan solo n'as fias
se sinte á ruada
y-algunha trompada
qu'os mozos se dan.

Os regos é fontes.
desfan ás veredas,
é tira co-as medas
ó vento tamen;

E ven d'entr'os montes
ó vento d'a neve,
qu'o diaño me leve
si non queima ven.

C. FERNÁNDEZ.

A ROMARÍA

X'ó campo está cheo
de tenras rapazas,
x'os mozos atruxan
c'a pucha para tras,
xa toc'ó gaiteiro

severo e valente,
finchand'as fazulas
de tanto soprar.

Comenzan as bailas
por orde d'o crego,
qu'está c'o seo xerro
sentado n'o chan,
ahí vai un foguete
qu'o festeiro bota.
¡Ei viva San Pedro!
Fihus, púm, trás, trás trás.

Xa sal Farruquete
d'a rolda d'os homes,
tres puntos ben feitos
tres puntos el fai,
e da media volta
y-agarra á rapaza,
que di que non quere
mais proi por bailar.

Pousand'as chaquetas
fan corro moi tesos
os crespos mociños
por ísta sinal;
y-o campo distonces
lediño se mostra
y-os fogos estalan
fihus, púm, trás, trás, trás.

¡Qué ben qu'elas bailan!...
¡Qué gustiño dá!...
¡Qué pernas direitas!...
¡Qué caras!... Qué mans!...
¡Qué peitos fornidos!...

¡Qué cintura!... Ay!...
¡Qué trenzas de pelo!...
¡Qué... *fihus, púm, trás, trás!*

Tamen sai ó crego
c'a sua sobriña
garrida rapaza
d'as d'iste lugar,
paresce mintira
qu'o diaño d'o odre
repeniqu'as pernas
con tanto solas.
Ei, viv'a alegría!
fhius, pún, tras, tras, tras.

¿Qué teñen, que sudan
as bailareteiras
é miran pra baixo?
¿Qué diaño terán
que tocan os dedos,
reviran os ollos
e rin e sospiran
de car'o rapáz?

¿Son frescos recordos
de loitas pasadas
ou son adiviños
d'as qu'han de pasar?

Non sei, mais eu coido
qu'a gaita é-o diaño
par'as raparigas
d'os eidos d'*Achán*.

Bailade mociñas
bailade, bailá,
e dispois d'a baila

fhius, púm, tras, tras, tras.
....
.....

X'a noite o seu manto
de loito se cobre,
xa fux'o gaiteiro
y-os petrucios van.
y-as cántegas doces
de lexos s'escoitan
pol-as corredoiras
alá... lá... lá... lá...

Despois sóa un bico
que pouco se sinte,
despois un sopapo;
y-aló n'o pinar,
berriños moi quedos
de loitas cativas,
que sempr' arromatan
c'un *fhius, púm, tras, tras.*

CÁRLOS POL.

A BÓ PAU BOA QONTEIRA (1)

Ó meu qiridiño amigo Dionisio C. Pardo

—Abofellas qomo estás desproqatado d'o qe qon Mingas pasou é pasa; e non me lembro qe te fagas de nobas.

(1) Esquirto n'a lengoa fonética n'a que á *g* soa sempre suave y-a *j* forte, á *q* como tal, anque lle falte á *u*, á *c* coma *z*, que queda soprimida, á *b* ó mesmo, soprimindose tamen á *v* y-a *h* falada. Tamen se saprime á *i* griega.

—Non paroles de esa maneira porqe se me enqrenchan os pelos da qabeza; eu non qreo, xuro á Dios, eso qe din de ela, é mais esqoita, á qousa non é qomo á pensas é nada bas fazer nesta qustión.

—Drento de pouqo as de saber ó qonto, é por estas qe son de qarne qe ei de pegar qo ela ou adoezo qomo os qans. Ei de bolberlle ó sentido po la miña facha.

—Qe non é ruin de todo pro perderás ó tempo pois naide me fai desqreer do modosiña qe sempre foi; é todas as suas louquras é os seus brinqos, xunqras nunqa me lebe, si son por qobiza de relacios, qe non é Mingas qen baia qo pirmeiro achegadizo nin siqera lle faga esqoita. Eu qoido traballoso ganar ó seu qariño, oxe por oxe qe por mañan nada se pode dizir.

—Qómante os lobos, qe eres turron Farruco; ¿non notache qu'e troulea nas festas e mais diversios, qe non ai garrido á qen lle torza ó fuziño e demostra as qraras á satisfauzión qe lle qompre qando lle ban con labia e qon frores?

E mais eu, qoida qe fun senpre na vida moi temido en falar e moi reuto pra cousas de onra, pro diaño, si non as de ber qomo á de espregizarse qo este rapaz; e si non o tenpo tenpo.

—Faladurías de pasa qamiño, ¡ti seralo! basme dando qoraxe. E mira, de lebado á efeuto, non me folgexes astra qe qómamos un-a boa enchente qe ei de pagar eu.

—Non se fala mais. As cousas dinse un-a vez é se qonpren sin mais bolta. O prometido chega pra os dous.

—Si non bageas parézeo; alá ti, do qe falei non me desdigo. Poida qe teñas qe rasqar. Baia, Dios sea qon todos.

—Qe él te garde de mal.

—Amen; é á ti o mesmo.

Desta maneira parolaban Farruqo Qobiñas e Pepe

dos Toxos rospeuto da boa ou mala fada qe botaban á Mingiña de Louzán, rapaza á mais feitizcira e mais enloqezedora de sete legoas á redonda, moza qe trai da rabia á qanto galan pro alí tunaba.

Ela pra todos tiña labia e paliqe, sin qe polo dito soupérase qal era ó prifirido ou por esqoller pos seiqe á todos qentaba os qasqos, sin darlles qousa así de qonzesiós.

Mais ó mundo qomo e qativo, dou en dizir si Mingiñas era qara labada sin qacho asi de ben de Dios é todos á qalada enchianse de trabar na sua onra, por de qontado moi baixiño non astrebéndose naide á dizilo berrando nin á dar qomo berdadeiras tales faladurías.

¡Miña xoia! Qon qanto delor do seu curazón, todo cheiño de paseón astra reberter esqoitaba as qaluneas que lle lebantaban as lengoas ruís e qondanadas.

Qantas bágoas saianlle de aqeles olliños, dos qe non deberan sair mais qe raios, pois asomellaban dous soles, qando na qalada noite poñíase á ourar diante do seu San Antoniño abogado dos imposibres. ¡Qon qanta debozeón dirixía as suas súpréqas pidindo sosego pra sua ialma!

Pro ¿pra qe deseiaba qonsolos? ¿Qales eran os seus sofrementos?

Ela qe lebaba mentras ó dia qamiñaba ó bo umor polos qanpos, ela qe iba esparzendo ó qontento polas fiadas é qe debullía á alegría polas qasas, aqela á mais qabalon nas festas, chegada á noite reqolliase á sua chouza é daba solta as bagoas é choraba choraba é sospiraba sin tregoa, astra qe qansada do sofrimento e qomo si oubera mallado qatro dias qedaba aqougada e dormia pro un sono intranqileo é cheo de biseos.

¿Porqe un qanbeo tan súpeto dubrabase en Mingiñas? ¿Qe mistereo pechaba aqel peito e porqe qausas alqon-

trábase alí drentro sin sair pra deixar por mintireiros á os qe debullaban na sua reputazeon?

¡Moitos son os sofrementos e os delores qe se teñen gardados inda qe por fora non se deqata un de eles; pro mundo é así é o ser umano e un-a chea de qousas sin espriqazeón!

Mingas era tenpos atrás qomo un-a azuzenea pura é linpa sin miaxiña de malos pensamentos; daba enbidea os rousales do seu xardiniño.

Sin qoidados e sin qabilazeós bibía qorrendo é brinqando sin sopoñer qe de qontado abíaselle de troqar polo ribés, qomo así foi qando se namorou de Brás, mozo ó mais aposto do lugar é o de mais qachola porqe ¡baia un-as qousas qe lle dizía qando estaban xuntos! qe parola mais solaz tiña! qomo qe seiqe as metía na memorea dos libros do siñor Abade, do qe era gran amigo!

Os dous querianse qon delireo, e non abía mozo nin moza qe ó belos non llebotasen olladas de enbidea.

Brás tiña moi bos sentimentos é qeríalle moito ben, pro sintía drento do peito un non sei qe de comenzón, afogábase na estreitura da aldea, non lle era soficiente ó aire do lugar pra os polmós, ó seu deseio era brinqar na bila da qe oía qousas boas.

Mingiñas qada bez qe lle falaba de esto daballe á tristeza de tal maneira que se lle anublaba ó qurazón é choraba é sopriqaballe pra qe aqela iluseón sairalle da testa ¡Ai tenbraba qomo á bara berde qando lle biña ó reqordo de separazeón!

Mais todas as razós non lle abondában á Brás qe qada día tiña mais presa de fuxir. Dempois de moitas qabilazeos é pensamentos podeu mais o deseio de boar qe tiña be o qariño de Mingas; ademais os qonsellos do qura qe bía en él un rapaz de probeito e as qousas qe dos gran-

des pobos lía nos prozesos é nos libros arromataron de fazelo dispoñer pra ó biaxe.

De qalqer modo, qomo el dizía qando se qer ben, qerse en todas as partes do mundo, é o mesmo abía de qerela alí qe na bila.

¡Qanto se aqiboqaba! ¡Qomo abían de bariarlle as intenzeós!

Chegou, por últemo e remate o día aqel tan temido, ¡nunca el chegara! é o despedimento, os xuramentos, as qousas qe se dixeron, os choros qe oubo, é o qe un é outro se prometeron non e pra dito nin e posibre que poida aqí poñelas á pruma.

O mundo e moi galopin é tontea á xente pra facer de ela ó qe qere é así embobou á o qoitado de Brás qe en qanto puxo os pes na cibdá, é qando bíu tal fato de qousas qe el nunqa imaxinara olbidouse á o pirmeiro é renegou mais tarde da aldea, fora ó ben de Dios qe tiña, qurruncho aqel, no que non podía bibir mais qe xente iñorante pois el xa era un siñorito moi espabilado, ¡qomo qe era qriado de un-a das casas mais ricas!

Mingiñas xa non era mais que un-a iluseón pasada.

Ela toda chea de dolor esperou un e outro día notizeas de aqel qe todo lle lebaba, mais á ponbiña esperou astra que desesperada qonprendeu que o landan esqenzíase de ela tal bez pra senpre.

O seu sufrimento foi moito mentras qreeu poideran ter malas qonsequenzeas as louquras que tubera qo aqel á quen tanto quería é polo qe asperaba, qonsolándose un pouco qando bía non sería sabida a sua disgrazia.

Nunqa podía saqar ó pensamento de el e matábase por querer adiviñar ó que faría pra non acordarse de ela, pro moi lexos estaba de supoñer á berdade.

Bras qasárase qon un-a de esas qe non son naide pro qe saben espriqarse e qe teñen no fol moito beneno

e qollendo qon á maldade a os qe pillan orgulleo qomo á o burriño de Bras fanlles baixar á testa.

Mingas era iñorante de tanta felezidade é tendo fe en Dios, asperaba, doente sí, pro asperaba, é pra que naide soupera os seus pesares, ademostrabase alegriña en todos os sitios: mais chegando á noite qansadiña de tanto disimular os seus desgustos, choraba e choraba é sospiraba sin tregoa.

Pepe dos Toxos teso no seu deseio, non deixaba de mau oqaseón pra qoller á eito á Mingas, pro ela non facía mentras de él, qousa qo tiña sin sonbra e qo qe se daba á todos os diaños do inferno.

Qada día qon mais rabia deseiaba dar á proba da sua puxanza qonsegindo de ela qalqer qousa; pro todas as suas iluseos qedaban sin oxeto pois qanto mais fortes eran as metidas mais forte fazía ela á defensa.

Disposto ó dos Toxos á todo, un-a noite saltou á parede da chouza de Mingas qon intenzeós de fazer inda qe fora á forza un-a barbaridade. Qando iba á meterse no baixo reparou qe ela alqontrábase sentada nun qarro qos ollos fixos nas estrelas, qomo qixera falarlles das suas penas.

Achegóuselle e esqomenzou á fallerlle do moito qariño qe lle tiña é dos bos deseios qe lle gardaba, qon outras mais faladurías ditas qon labia pro sin sair do sitio qe deberan pra qe se tuberan por berdadeiras.

Pro ela, dempois de sopriqarlle se marchara, pois non botaba de menos as intenzeos ruis qe aqel lebaba, quixo fuxir, xa qe el non fazía mentras de sairse.

En qanto beu el tal azión enzendeuselle á sangre é agarrouna qerendo zeibala no chan, pro non poido logralo, pois á moza aposta qomo era é dandolle forzas ó deseio de sair de aqela noba disgrazia qe ó demo lle aparaba outra bez, parezéndose á dibina Madalena, dempois

de qe se purifiqou, doulle un tunbo tirando qon el. é botando man á un fungeiro arreoulle, á uso de boí, un pau na testa, qe lle fixo qedar sin aqordo abrindolle un bon boqete en ela.

Non se lle esqenzeron polo feito os bos sentimentos qe qobixaba no peito, é qollendo á o ferido puxo fora á o fresco ben postiño é dempois de linparlle á qara da sangre qorreu á meterse na qasa.

Toda á aldea soupo ó aqontezido; el estibo na qama algús días e en ese tenpo pensou no qe abía feito é xurou desfazer aqela falta qontando ó qaso é tomando á defensa de Mingas qontra as murmurazeós das xentes qatibas. Qonprendeu que non era qen na aldea sopoñían e mais lle qonpriu qando Mingas lle qontou, dempois de fazerse polo pasado moi amigos, todos os seus sofrementos.

Pepe tiña bo qurazeon é fixo os posibres por qonsolala debolbéndolle á reputazeon qe lle abia saqado e qe el non pouqo prestara seu asentimento.

De aqel día en diante foi Mingas moi aprezeada dos seus beziños é non sei si chegou á qasarse qon ó dos Toxos, inda penso poidera ser posibre qe asi suzedera.

J. Beltrán.

A RAPOSA E O PATO

FÁBULA

N'unha mañan de xiada,
caída cal fariña pol-a criba
unha raposa eibada
maina por un petouto se subia;
trai'a lengua fora,
pol-o cansada que d'o monte viña
de correr hor'e hora
sin atopar paxaro nin galiña:
o seu buche valeiro
a voces destempradas lle pedia
por carne de carneiro,
de corbo, ou de morceg'ou d'ave fría;
mais éla, o disimulo
facendo, contra si, d'a sua carpanta
siguiu e d'un parrulo
a vos seca son ulle n-a garganta.
—¡Carape, que bon eres!—
dixo o paso que d'auga enchi'a boca,—
non te vin, mais si caeres
d'os deños si non teñ'unha vicoca.
A non cativa fame
aconselloull'axiña
curar d'o seu estómago
ánsias devoradoras que se tiña:
pro a rapos' arteira

triste lambeu os remos
e d'un toxal a veira
pra seu sayo falou: «filosofemos».
C-o fuciño metid' entrambas mans
deitada discurría
como diabros faría
si por alí salían algus cans:
xa un menuto pasado,
dou un sospiro e recachou de rabo,
faland'así entre dentes:
«din todol-os cobardes, son prudentes.»
Púxose, mal que poido
dereitiña d'as patas, cal de moza
y-a pasiño moy miudo
andivo carran, carran, hastr'a poza
dond'o pato brincaba,
o paso que entr'a lama espatuxaba.
Xa d'o pantano á veira
sintiu qu'o corazón lle rebulía,
por que d'entr'a xunqueira
o pruvial navegante percibía;
—eres meu é meu,—dixo
tembrando c-a emoción que lle causaba
ó pensar que de fixo
drento d'unha hora de pato se fartaba:
por eso lambi'os dentes
xa pol-a pedra negros é raídos
ofrecendo presentes
ós santiños por ela preferidos.
A fé, que nunc'olvida
que ten d'os milagreiros relembranza

puxoll'a y-alma enchida,
(¡ogalá que tamen ll'encher'a panza!)
e c-os ollos cerrados
facendo forz'atrás, n-a rabadela
dous pasos arredados
d'o parrulo, brincou n-a poz'aquela;
o lavanc' asustado
ó ver aquel demonio pol-o aire
meteuse de contado
n-o medio d'as auguiñas con donaire;
e foi de tal maneira
que cando n-a boc'á zorra x'ó facía
viu qu'estaba valeira
de carne, pero chéa d'auga fría.
Cuspiu un xuramento
ó verse de tal sorte tan bulrada
c-o dobre descontento
de ser ó pat'á ave mais pesada
é dix'á este mansiña:
—Dispensa que coideí qu'eras galiña,
qoe s'o sei, abofellas,
se brincab'a este demo de lagúa,
pois prefiro de ovellas,
ou de can morto a carne, qu'esa túa.
O parrulo seguro
sobr'un fondo de tres varas pol-o menos
contestou:—non m'apuro
q'uo terte med'a ti só é de menos
e pol-o mais ch'advirto.
qu'esta carne contigo n-a divirto,
—¿E pensas, butarate,

(repricoull'a raposa moy quimada)
qu'o meu fino gasnate
vai a tragar tal carne desprečiada?
Si tí foras valente
eiquí dond'hay pouc'auga t'arrimaras
mirand'indiferente
cal eu permanecia c-as queixadas:
¿Non consideras, burro,
que hasta teño collid'as anduriñas
e detrás d'algun curro
as labercas que voan lixeiriñas?
¿Non sabes que na hestorea
reza e nome meu por ser arteira,
o son de cruel mamoria
pr'os paxaros d'a carne mais moleira?
—Vaite meu amiguiño
sácate d'a friaxe: non dou creto;
límpat' hoxe o fuciño
que pr'aventurar sonche discreto:
as aves de que falas
ch' aseguro non saben estas mañas,
e nas aás confiadas
vense coller cal mosca, das arañas.

.....

A raposa tembrando
co-a xiada d'a poza e o coraxe
seguía repricando
e mal desemulaba sua carraxe.
—Vente, vente, cramaba
que non quero deshonra tan indina,
mañan sería escrava

d'os ditos d'unha lengoa viperina.
E o parrulo queimado
de tanta solfa oir xa d'a emprudente,
berrou desesperado
pra poñer en movemento a sua xente.
A vella cazadora
rillando como tol'a ferramenta,
salíndose pra fora
marchou aurando de vengal-afrenta.

.....
.....
.....

Así alguns literatos
que ter pretenden adiniradores,
encontran tamen «patos»
qu'as fazulas lles fan subir coores.

CARLOS POL.

***

Un valente

Estiven n'a feira
de San Saturniño,
henchinme de viño
de rir é troulear;
bailei á muiñeira,
brinquei com'un neno
é c'un pau pequeno
din paus á mallar.

O baile desfix en
rompín ó pandeiro,

y-os mozos d' Outeiro
viñéronse á mín;
do campo me fixen
eu dono enseguida
co-a moca rompida
d'os paus que lles din,

Loitei un pedazo
con us de Liñares,
tumbeinos á pares
sin nada n'as maos,
é d'un puñetazo,
c'os meus cotomelos
rompinlle os queixellos
á dous de Bardaos

A xente largouse,
e d'esta maneira
desfíxose a feira
y-eu solo quedei;
a noite acercouse
de lúa crariña
y-a Santa Mariña
direito marchei,

Co-o meu folgo todo,
que Dios en min puxo,
un gran *aturuxo*
a gorxa votou;
berrei de tal modo
de enriba d'a ponte
qu'hastra ó mesmo monte
sentín que tembrou.

A costa subindo,
seguín atruxando,
peneque e cantando

co-a moca n'a man,
y-ó ver vir bulindo
de mozos un cento
collín n'un momento
un croyo do chán.

Sin fala eles darme,
calados, calados,
co-os paus levantados
com' unhos ladrós;
despois de mallarme
xunt' un pasadoiro
puxéronme en coiro
aqueles bribos.

.....

Non volvo xá á feira
de San Saturniño,
nin bebo mais viño,
nin volvo á troulear;
nin bailo á muiñeira,
nin brinco cal neno,
nin co-o pau pequeno
mais volvo á mallar.

C. FERNÁNDEZ.

TIÑA RAZON

Votand'o sermón un crego
—¿Quen fixo o mundo?—berrou
y-un feligrés contestou
—debeu de ser algún cego—
E Marta facendo á cruz

e mirand'ó erexe, dixo:
—S'e cego ó qu'o mundo fixo
¿teríamos nos á luz?

***

*
* *

Léndo un pródeco Xoquín
veu que n'unha aldea un sábio
ante un verme de dous pes
quedara atóneto e parvo;
e com'o probe iñoraba
qu'os dous pes eran de largo,
volveu á lér, e dispois,
dixo con moito arruallo:
—!Xa viches unh'a gran cousa!
Vexós eu de vint'é catro.

***

O LOTE

Foi Mingas de Villalar
á levar grao á-o muiño
y-atopouse n-ó camiño
con Farruco Cantelar
qu'e medio tonto ó probiño
E di Mingas por se rir:
—¿Lévasm' ó lote rapas?
E di Farruco:—S'o das
á un tonto sin ch'o pedir
valente lote terás.

***

*
* *

Un andaluz dicía que n'a catedral de Sevilla puxéras' un manumento que tiña catro millós de luces.

—¡Gran cousa!—dixo un labrego qu' escoitaba—N'a catedral de Santiago hay un *bota fumeiro* que para encendelo fan falla catro centos quintales de carbon.

—*¡Eche ozté quintales al bota fumero!*—dí ó andaluz.

—Pois bote vosté luces á-o manumento—contestou ó labrego.

*
* *

A CESTA

De merenda pra unha festa
foí o crego d'un lugar
y-antoxouselle levar
á comida n'unha cesta.
O chegar á romaría
atopouse con Marcela,
que tan bonita como éla
por tod'ó lugar n'había.
E despois qu'os dous comeron
e s'encheron de brincar,
se volveron á sentar.....
Eu non sei ó que fixeron,
á custión e que deitado
e d'unhos toxos detrás
atópabas'un rapás,
que se ergueu tan anoxado,
qu'o crego con timidez
dille:—¿Qués leval-a cesta?
y-o mociño lle contesta:
—Ben me chegou unh'a vez.

***

OS HERDEIROS COBIZOSOS

CONTO

Un vello fixo donación de todo-los bes que tiña en favor d'unhos parentes que vivian n'a sua compaña, e soilo deixou pra dempois da sua morte sin donar, á sua habitación e mais o que habia n'ela

Os parentes dende que comenzaron a ser dones dos bés do bon do vello, dabanll'a éste mal trato, pra matalo logo a rabechas.

O probe velliño estaba tan desconsolado que non facía mais que limpar as bágoas qu'a fio lle caian d'os seus ollos c'a carraxe.

Un veciño qu'era seu amígo, e tiña moitos cartos empetados, deulle un consello ó probe vello, consello qu'éste non votou en saco sin fondo.

Toma estas onzas d'ouro, lle dixo, e encerrate todo-los días a mesma hora na tua habitación, remexendo as moedas, e cand'os larpeiros que tes na casa che pregunten o que fás dilles que nada lles interesa, e que, gracias a Dios, si lles donache en vida os bes, inda tes un cento d'onzas na habitación que deixache pros días da tua vida e qu'ese diñeiro será pra quen a ti che pete; pois como te traten tratarás tí ós demaís.

En efeuto, o velliño, meteuse un dia e outro dia y-a mesma hora n'a sua habitación, y estaba remexe que remexe n'as onzas.

Os lacazás dos parentes, ollaban po-lo burato da porta e lle preguntaban o que facía, y-o vello sempre respondía do xeito que lle dix'ó seu amigo.

Dempois os herdeiros, non sabían que facer pra ter contento ó velliño; y-éste devolveu as onzas ó seu amigo, deull'as grácias po-lo consello, e comeu e roeu canto quixo, hastra que morreu..... de vello.

Dinantes de morrer; chamou ós herdeiros e díxolles: «Eu morro; facerme un bo enterro; dar limosna a todo-los pobres; mandar decir catro dúcias de misas, e dempois que fagades miña últema voluntade, pidirll'ó Escribano a chave do caixón da miña mesa; pois alí atoparedes vosa felicidá, adios, adios.»

Os cobizosos dos parentes, choraron un pouco, ou fixeron que choraban; pois nadie chora millor qu'aqueles que choran por un parente con cartos.

Compriron de contado a voluntade do velliño e gastaron tres mil reas e alguns ichavos mais n'o enterro, honras e limosnas; cartos que zocharon d'unha gana com'a de sacar un ollo.

Dempois foron cab'ó Escribano (que non era manco), e lles cobrou mais de vinte pesos po-los dereitos de gardar a chave.

Cheos de fachenda foron ó cuarto do defunto, abriron o caixón da mesa, e parbaron ó ver que non había mais nada que unha mazaroca de pau de toxo con un papel que tiña esquirto en letras moi grosas:

O que deixa o que ten
antes que morre,
con esta moca
lle casquen nove.

O POLVO

O velliño Xan d' Outeiro.
fungaba de noit'e dia
y-a muller que non quería
escondeull'o tabaqueiro;
él pideullo de pirmeiro
pro vendo que non ll'o deu
botoull'as maus, e cayeu
dicindo—Non me revolvo...
¡Déixame botar un polvo
pol-a nai que te pareu!

***

O MATUTE

Farruquiño d'os Encrobos
un bon lotiño de hovos
de matute ib' á pasar,
que lle quería donar
ó seu parente Xan Cobos.
Y-ó fielato chegando
colléronll'o contrabando:
e Farruco d'os Encrobos
volveu a casa chorando
porque se quedou sin hovos.

***

A voy coxo...

O probe de Xan Canteira,
non topando que faguer
e non tendo que comer,
foi certo día á unh'a feira.

Y-andando á paso de cán
a pensar eseomenzou,
porque ó probe non topou
un xeito d'alcontrar pan
Pensou n'o roubo, mais—non
dixo para ó seu chaleco—
—porque sí roubando peco
este medio non é bon.—
D'esta maneira pensando
poido Xan chegar á feira,
e cobrindo c'a monteira
os ollos, sigueu andando.
Tod'o lugar recorreu
cheo de malencolía,
porqu'era xa o medio día,
y-o que buscaba non veu.
E cando s'iba á largar
d'a feira, como chegou,
c'un prateiro se alcontrou
que escomenzab' á xantar.
Foiso'o probe arrechegando
á tenda d'o comerceante,
quen lle dixo ó velo diante
—¿Gustach'o que estás ollando?
E dicelle Xan:—Non sei
como me pode gustar
porqu'eu tan sóo con ollar
toparlle gusto non hei.—

***

EPIGRAMA

N'a casa d' Antona á torta
meteulle Xaquín un rato.

—¿Ell'o meteu pol-a porta?—
—Non, señor, pol-o burato.

DIONISIO C. PARDO.

Os zapatos

Un zapateiro noviño
había uns zapatos feito
á Maripepa Mouriño;
y-os fixera de tal xeito,
qu'o zapato d'o direito
magoáballe n o maumiño
E con tono lastimeiro
dicía:—S'o zapateiro
n'a forma pr'unha peseta
m'os metera!—Y-altaneiro
dill'o pai—Por tal diñeiro
non faltará quen ch'o meta.

***

Ida e volta

(CUASQUE POEMA)

I

Unha noite metéuselle n'a testa
que debía as Amérecas marchar,
por ver si se faguía
rico cal outros mais.
Y-o alborear pirmeiro, cand'o dia
pouco á pouco empezab'a crarear.
xa iba ó tio Fuco

cara d'a capital.
N'o seu tardo camiñar, calquera,
por moi topo que fora, adivirtir
poidera ó dór fero
que leva o probe en sí.
Non volve os ollos, non. Porque quizaes
si os volvera tan sóo unha vez,
o tío Fuco á América
non pisara abofé.
Inda agora que cara ó barco marcha
non saibe ó probe vello que faguer,
si fuxir ó extranxeiro,
si a sua casa volver.
—Un anaco de pan n-ela non falta
y-aló... tampouco faltaráme aló;
ós homes que traballan
non mat'a fame, non.—
Y-asina trata de calmal-os berros
que no seu peito dall'o curazón
dicíndolle «Farruco
non vayas para aló.»
«De cada oito que volven esgomiados
sin salú e c'un probe capital
ay ¡si souperas cantos
morren pidindo pan!
E non ben cala ó curazón, á sua
maxinación os ollos traille mil
tesouros, e lle dice:
«Os hacharás eiquí.»
Tan sóo eiquí n'as miñas terras, podes
faguerte dono de riquezas, ven,

y-Améreca os seus brazos
lle ofrece ¿qué faguer?
Y-o probe tio Fuco non acaba
d'unha vez a sua sorte decidir...
pro cada ves s'achega
mais ó barco o infelis.
Non volve os ollos non. Perque quizaes
si os volvera tan sóo unha ves,
o tio Fuco á Améreca
non pisara abofé.
Inda agora que cara o barco marcha
non sabe o probe vello que faguer,
si fuxir ó extranxeiro,
si-a sua casa volver!...

II

Pasaron-os días,
pasaron-os meses,
y-o tio Farruco
nadie ollar volveu.
¿A dónde fuxira?
¿Qué fora d'o vello,
que tanto as rapazos
quirían en el?
Morrer, non morrera,
pois si asina fora
habians-os hosos
ó fin, d'alcontrar....
y-a volta d'un ano
xa nadie n'aldea,
falaba d'o tio
Farruco d'Aldai.
Un ano y-outro año

fuxeu, y-outro ano,
d'os anos pasados
ó posto ocupou;
e n'unha alborada,
n'o mes en qu'os árbres
de follas se visten
y-os campos de cór,
un probe velliño
n'un pau arrimado
moi triste camiña
de cara ó lugar,
e de pouco en pouco
seus pasos deteñe,
e fire d'o vento
as ondas c'un ¡ay!
¿Non-o conocedes?
E-o tio Farruco,
aquel vello enxebre
que tanto riir
vos fixo n'as festas
c'os seus chuscos contos.
¿Verdá?... ¿N'o parece?...
¡Cal ven!... ¡Infelís!...
Y-asiña soupeuron
n'aldea s'hachaba
entr'eles ó tio
Farruco d'Aldai,
rapazas é mozos,
velliños é xóves,
correron buscalo
par'o saudar.
¡Ay! Cantas bagullas
verteu ó proviño
olland'ós d'aldoa
chegar xunto d'él

y-oubir como'os mozos
e-as raparigas
as suas disgracias
quirían saber.

Y-o tío Farruco, querendo amostrarlles
o agardecemento d'o seu curazón,
limpando c'o pano as grosas bagullas
qu'a fío os seus ollos tristeiros vertían,
asina falou:
«Eu non sei como foi. Mais unha noite
soñei ¡que noite aquela!
que fuxindo de xunt'os meis amigos
y-abandonand'á aldea
onde ledo é tranquilo traballaba
ás miñas probes é cativas terras
sería moi felís. Y-ainda ó dia
loitaba, por vencer d'á noite ás brétemas,
cando iba ó tío Fuco
cara d'a capital, deixando á aldea.
Tolo de min! Si ascaso
adiviñar poidera
m'agardaba n'a terra pormetida
os males qu'o meu peito hoxe laceran
¡ay! ¿houbera deixado
á paz tranquila d'adourada terra?
Pro estaba d'o Siñor qu'asina fora,
qu'asina sucedera
y-asina sucedeu por miña sorte,
tan boa enantes com agora negra...
Contarvos paso á paso á miña hestoria
é cousa lastimeira

dend'o momento qu'a disgracia miña
levoume á pisar prayas extranxeiras,
onde como vos dixen
cuidei topar á pormetida terra.
Moitismo traballar é moita fame;
tal é-a vida n'a Améreca
¡si ollárades os probes qu'alá morren
cheos de sufrimentos é miseria!...»
Y-as palabras quedáronlle n'a gorxa,
é chorou recordando antiguas penas,
é choraron tamen mozos é mozas,
é choraron tamen vellos é vellas.
Un día ó tío Fuco
—siguiú contand'as xentes d'a sua aldea—
tan famento eu estaba
tan cheo de miseria
e cansado de que de porta en porta
«non hay colocación» me repuxeran,
que resolvin (¡ouh! Dios, cand'o recordo
cuasque me com'a terra)
afogarme n'o fondo d'eses mares
qu'aló me suxetaban cal cadeas.
Resolto iba á faguelo,
cando as malditas brisas estranxeiras
trouxeron d'esta vez ós meus oidos
algo bó qu'aliviar veu miña pena;
trouxéronme n'as aás
recordos de ruadas e de festas
c'os amorosos sóes
d'a gaitiña gallega.
O prenuncial-ás últemas palabras

choraba tod'aldea
y-houbo algún qu'asi dixo pol-o baixo
—¡¡Maldita seas maldizoada terra!!...

E. Pardo.

D. EDUARDO VINCENTI REGUERA

Si estouveramos en tempos de castelos y-escudos, eu pidirialle ó Sr. Vincenti que de mote n-o seu escudo puxera os renglos siguientes:

«*Pr'ó talento n-hay obstaculos*». Dende a dura banqueta d'unha estacion telegrafica hastr'a regalada poltrona d'unha Direucion xeneral, non tivo o Sr. Vincenti tropezo algun, todo foi direito, direito. E ainda sabe Dios onde chegará. E xoven, ten talento...

E sobre todo, tras sí ten as simpatias; o cariño de canto-lo tratan ou conocen.

O rivés d'outros que todos conocemos, ó Sr. Vincenti non-é d'os diputados por que sí, sinon d'os que traballan noite é dia sin descanso po-lo pobo c'ó elixeu.

E non solo pol-os pobos sinon tamen pol-as presonas.

O seu caracter está pintado por él mesmo admirabremente n'unha reunion que houbo n-o Treatro de Pontevedra non fai moitos anos, mandando os conservadores.

Frente á candidatura d'o Sr. Vincenti poñian a ministerial d'o Sr. Fernandez Villaverde, y-o Sr. Vincenti reunieu seus amigos—todo o pobo—no Teatro pra rogarlles que.... ¡votasen ó Sr. Villaverde por que él estaba n-a oposición e c'a süa eleución nada aproveitarían!...

Tal descurso valeulle que hastra os enfermos deixaren á cama pra darlle o voto.

***

EPIGRAMAS

Os tombos quixo Sabela
andar con Antón Pomer,
e que n'había vencer
díxolle á él o pai d'ela.
Fartos de tanto loitar,
dixo encabuxado Antón:
—Anque teu pai di que non
xuro que t'hey de tirar—

—

O carreteiro Xaspar
tiña unha moeda falsa
é n'a taberna de Balsa
por boa pensouna dar.
Reparando qu'a muller
lla devolveu con presteza
dixo sin s'estremecer;
—Sempre trayo á mesma peza
e non ll'a podo meter.—

DIONISIO C. PARDO.

Sospiros (1)

Pintadas volvoretas,
que n'os froridos campos
e máxicos verxeles
andades rebrinbando
por sobr'as puras rosas
os seus córes furtando,
paraivos y-escoitade un momentiño

(1) Adicado á T. da N. reeidente n'a Reprúbica Arxentina.

paraivos, paraivos.
Alegres paxariños,
que n'o infinito espaceo,
por riba d'a ramaxe
d'os árbres e d'os matos
sin folgo esparexedes
ós vosos dóces cantos,
paraivos y-escoitade un momentiño
paraívos, paraivos.
Auguiñas romorosas
d'o rio prateado,
que por entre espadanas
choutando que choutando
sin trégolas nin folgo
vos vades alexando,
paraivos y-escoitade un momentiño
paraivos, paraivos.
E todol-os feitizos,
é todol-os encantos,
é todol-os praceres,
d'os montes é d'os matos,
d'os soutos, das campías,
d'os rios é regatos;
paraivos y-escoitade un momentiño
paraivos, paraivos.

II

¿Estades todos xuntos
quediños e calados?....
Pois escoitade agora,
oidém'un anaco:
n'as vosas harmunías
y-os vosos dóces cantos,
levai recordos meus á Tomasiño

levaillos, levaillos.
Xa que unha mala fada
me fixo tan coitado
que pra moi lonxe, lonxe,
leváronmo furtado,
que seipa que lle quero,
e vos n'os vosos cantos
levai recordos meus á Tomasiño
levaillos, levaillos.
Dicídelle que choro
tan sóo n'el pensando,
porque quería velo
de cote n'o meu lado;
pro visto que non podo,
n'os vosos dóces cantos
levai recordos meus á Tomasiño
levaillos, levaillos.
Agora, sin paraxe
sin folgo, de contado,
sin trégolas, fuxide,
correde com'un rayo,
que louco vos espera,
que tolo está agardando
os meus recordos ¡probe Tomasiño!
levaillos, levaillos.

***

D. Ramón Bernárdez González

Abade da M. I. Colegiata da Cruña

N-a hestoria d'a Cruña sempre haberá media dúcia de follas pr'a *Xunta de Defensa*.

Y-o falar da *Xunta* ¿quen s'esquence d'o *Abade?*

El foi quen n-aqueles dias de tristes lembranzas, n-os que un pobo honrado e sofrido protestaba d'as inxusticias d'os d'arriba, levou a ese povo pol-os camiños d'a sensatez, soparando d'a resistencia enérxica canto poideira ser ridícula terquedá ou fachendoso antusiasmo de cabaliteiros.

Pr'as indinaciós d'o pobo tiña tamen o *Abade* parolas de indinación n'os seus descursos; pro a sua indinación era diferente d'a que arrebataba ós que o escoitaban; era asina como a queixa de quen espera n-a Suprema Xusticia d' un Dios o castigo d'as falcatruas miserabres d'os homes.

Enérxico, pro sin arrebatos, co-a mesma voz y-o mesmo sembrante sempre, as suas parolas foron n-aqueles dias n-os qne o entusiasmo malgastábase, as pingas d'auga que sin apagal-o fogo, facían mais posibre aquela

atmósfera que queimaba as veas e rompía o corazón en anacos á forza de batilo contr'as tabras d'o peito.

Hoxe o Abade volveu as suas oraciós y-es seus estudeos.

Pr' o pobo agardecido non esquence o seu nome.

Nin deixa de quital-a pucha con rispeto cando o atopa pol-as ruas.

O home de cencia volveu o retiro; o home de relixión volveu á Irexa: pro o home de entusiasmos, de corazón e de goberno, vivirá sempre entr'as mais queridas lembranzas d'un pobo.

—Xan! ¿fuch'a mallal'o trigo?

—Non.

—Pois Máripepa xa está pe d'o palleiro d'o tio Ventura.

—¿Y-éla que diaño fai?

—Si n'estou atrabucado, queda esfollando n'o millo.

—¡Qué condenada! Y-eso que lle dixen que conviña tel-o grao coberto.

OS HOVOS

Mandoull' ó fillo levar
pol-a Pascoa, Xorxe Prego,
os hovos que ll'hay que dar
pr'a grórea poder ganar
todol-os anos á-o crego.
Y-estando á porta pechada
ó neno petou.
—¿Quen vai?—
lle di de dentro á criada
—Son eu!
—¿E que trás?
—Pois, nada,
traig'os hovos d'o meu pai.

***

***

Un labrego estaba tan cheo de loitar c'os curiales, que xa desconfiaba hastra d'a sua sombra.

Nunh'a ocasión fois'aconsultar c'un Letrado, que nada lle quixo cobrar pol-os honorarios.

—Moitar gracias, señor—dix'o labrego—pro fágame ó favor de dar ó recibiño por si ten outro acordo.

Xan Cativo que non tiña
nin unha soila peseta
fixoll'os puntos á Xuana
y-o fin casouse có éla.
Pr'os veciños qu'o souberon
non lle daban folgo á léngoa
marmulando d'a rapaza
e d'o mociño que leva.
Y-o pai, que seica quería
ceibalo d'a casa apresa,
dicía:—Non vos matedes,
«boi pequeno en cornos medra.»

***

A noiva do forneiro

—

CONTO

Mingos Mingucho
o d'a Meirama,
tutor fixérono
d'unha rapaza,
que mesmo xenio
davos mirala.
E unha neniña
moy axeitada,
d'escuros ollos,
d'os dentes branca,
louros cabelos,
beizos de grana,
e co-as meixelas
moi sonrosadas.
Xa de noviña
escomenzaba
a ser dos homes

moi cobizada.
Ten quince anos,
Carmen se chama;
chor'á probiña
esconsolada,
por que pertende
Mingos casala
c'un estafermo
que veu d'Habana
con moitas onzas
qu'aló ganara;
y-ela non quere
darll'unha fala
por que fai tempo
qu'amor xurara
a Xoquiniño,
que traballaba
como forneiro
preto d'a casa,
y-era garrido
de boa pranta,
y-o que nas festas
millor bailaba.
—S'ese babeco
ten moita prata,
eu non-a quero
non me da a gana--
(dice Carmela
moi anoxada);
y-o señor Mingos
que quer casala
porque co-a boda
cartos apaña,
a todas horas

lle machacaba
c'un casamento
que noxo daba;
hastra qu' un día
fuxe a coitada
a tola presa,
con Xoquín fala,
y-éste, sabendo
tod'ó que pasa,
pilla unh'a moca,
vai ond' estaba
o *americano*
¡e deulle tantas
que puña medo
verll' as espaldras!
Logo Carmela
será casada
con Xoquiniño
o que traballa
como forneiro
preto d'a casa,
y-aunque n'é rica,
non lle fai falla...
¡come pan quente
cando ten gana!!

O niño

—

Foi ós niños Xan Bragás
con Rosiña á de Trasmonte,
é nos pinares do monte
pillo' un de paspallás
á nena, non ó rapás.

El pideullo con cariño,
éla non ll'o quixo dar,
quíxollo entonces furtar
dicindo:—¿Non dal-o niño?
pois á forza cho-hei pillar

DIONISIO C. PARDO.

O páxaro d'a morte

Canta moucho, canta, canta,
Canta páxaro d'a morte,
Que anque causas pena tanta
Eu á tí non che dou sorte
Y-o teu cantar non m' espanta.
Enriba do meu teliado
Léval-a noite cantando:
¿Porque non vas á outro lado?
¿Ou ves quizáis agoirando
O mal que teño soñado?
¿Queres que sempre eu escoite
O teu layar delorido
E que de día é de noite
O teña sempre n'o oido
Pra que ó curazon s' enloite?
Ointe des-que nacín
De cote alá n'o penedo,
Nunca creto á contos dín
E nunca che tiven medo
Nin en soños eu creín.
Canta moucho, canta, canta,
Canta páxaro d'a morte
Que anque causas pena tanta

Eu á ti non che dou sorte
Y-o teu cantar non m' espanta.
C. FERNANDEZ.

Ben dito

Tres cregos de romería
s'atopaban certo día
cando ven un rapás diante
que con tono sopricante
unha limosna pidía
—Dí cal d'os tres é millor
e dámosche de comer—
díxolle un crego.
—¡Siñor!—
dill'o probe—¿Quen millor
que vostedes ó ha saber?—
—Pois logo vaite con Dios
—¿Non me dan un bocadiño?
—Non, que che vai facer tos;
di cal e millor, é nos
dámosche pan, carne é viño.
Pro logo, é si qués comer
xa nos podes ir ollando.
—Pro siñor... ¿eu qu'hei facer?—
dix'o probe—en tan ruin gando
¡hay tan pouco qu'escoller!

***

OS FANTASMAS

(CONTO)

I

Preto d'a cibdá de Compostela, y-entre unhos terreos labradíos, érguese un monte conescido c'o nome d'o Picosagro.

Sigun as tradicios d'os vellos, cando os mouros se quixeron faguer donos de Santiago, dendes á cúspede d'o monte loitaban os nosos, podendo c'a ventaxa que tiñan qu' aqueles non poideran entrar n'a cibdá dempois de perder n'a refrega non sei cantos miles de homes.

Os mouros encabuxados c'a perda e non atopando un xeito millor pra se vingar de todo y-ó mesmo tempo poder faguerse donos de Santiago, dín, que mandaron uñh'os fantasmas pra que, sementando ó terror n'as almas de todo-los veciños non poideran subir a-o monte, porque asina éralles mais fácele ganal-a loita anque fora con mais homes d'os que dan as terras africanas.

Eles tiñan á cousa ben disposta, pro Santiago que non deixou de conocer á trampa que lle querían faguer, dispúxos'á matar mouros y-o fixo con tan pouca sorte que x'os fantasmas se habían apropeado d'o monte cando el se desfixo d'a invasion sarracena,

Desd' enton, os que vivían acarón d'o Pico-sagro tiveronlle tanto medo que ninguen poido chegar á unha coba que n'el hay e que dín era dond' as fantasmas s' escondían pra faguer d'as suas.

En eteuto n'o alto d'o monte hay unha coba qu' inda naide poido saber acertadamente quen foi á persoa qu'a fixo.

Unhos din qu'os mouros son os autores d'a obra,outros din que Santiago pra se cochar d'os mouros ha fixera; os mais erexes din que nasceu c'o monte y-en resúme que ninguen sabe acertadamente á quen se lle debe á coba d'o Pico-sagro.

II

Aló pol-o 17 ano de grácia vivía acarón d' aquel lugar ó tio Xan de Medos.

Este labrego que cuasque contaba cincuenta anos, estivera sirvind'ó Rey oito, como enton era costume, e como recordaba moi bos tempos e sabía moitas cousas, era ó mais visitado por todol-os veciños d'o lugar, pra que lles contara un conto d'eses que tanto gusta oilos por sabelos, coma poñen medo dempois de sabidos.

N'unha d'istas longas noites de Inverno en qu'hay tempo pra todo y-os corpos n'acougan n'o leito, foron algunhos veciños á casa do velliño pra se adivertir un pouco.

Dempois de contarlles algunhos contos de meigas é demos, saliu á conta ó monte d'o Pico-sagro.

—Ninguén—dicía ó tio Xan—s'atreveu á chegar ó pe d'a coba que non pagara c'a vida ó seu atrevimento, porqu'os fantasmas alucinan co ouro ás almas iñorantes y-o que teña ó valor de chegar ond'a coba mostranll'e unha cántra chea d'onzas pra faguerse donos d'o coitado qu'a elas se chegue.

—¿Dí vosté que lle insinan unha cantra chea d'o n

zas?—dixo Martiño qu'escoitaba sentado n'un tallo xunt'a lareira.

—Si; pirmeiro amostranll'os cartos pra poder alucinar á-os que cegos pol-o ouro pagan c'a vida ó afán de ter diñeiro.

—Pois logo—añadeu Martiño—hay qu'ir pol-as onzas.

—¡Vai d'ahí vai!—dixo a tía Farruca que non iñoraba que Martiño era ó mais erexe d'o lugar.

—Xúroll'á casta dos nabos...

—Acouga mociño—repux'o tio Xan—acouga y-escóitame duas palabriñas, que son mais vello que tí e pol-o mesmo teño que saber mais tamén. Vouch'a dar un consello pra qu'o teñas en conta pol-o que poida socederche. Non coides que por ser xóve as ter mais forzas qu'os fantasmas.

Eiquí chegou d'unha vez un feireante que tamén coidaba coma tí, que por ter forzas podería c'os diaños, e sin lle dar creto ós consellos que lle diron algunhos, foi ó pe d'o monte; pro ainda hoxe s'espera pol-a volta, pois cando chegou á-coba saliull'un mouro negro qu'estaba de centinela e collend'o coma quen colle un paxáro guindouno pra dentro con tanta forza qu'o barullo que fixo cando dou c'as onzas sintímolo nós.

—¡Malpocadiño—dicían as mulleres chorando coma si tiveran algun dór de moas.

—Pois eu—dixo Martiño póndose direito—non fun xa ó monte porque iñoraba que houbera cartos pro agora que'o sei, hei d'ir anque teña que faguer o que teña.

—¿Vedes?—repuxo'ó tío Xan—as maldizoadas onzas. —Vai por élas, non coides qu'o que che dixen foi pra que non foras. Eu coma vello dinch'un consello, agora ti fai ó que queiras.

—Ir po-las onzas tio Xan—añadeu Martiño farto de satisfaución.—Mañan si Dios quer póñom'en camiño

pra pillar unha fertuna qu'e lástema qu'esté cochada n'a coba d'o Pico, é xúroll'á vostede qu'ei d'ir de noite y-ou me fago dono d'os cartos ou ben dou c'o corpo do feireante pra que á min me sintan coma ó sintiron á él.

—¡Ave María Purisma!—dix'o tío Xan fágendo á sinal d'a cruz.

—Arrenégote—dicían atrás dándoll'a figa.

—¡San Silvestre!—añadían outros.

E todol os presentes escomulgaron ó probe Martiño, que sintindo n'as suas meixeles ó fogo d'o cór d'a vergonza, saíu d'aquela casa como alma que leva ó demo

III.

Ainda tan sóo ó refrexo d'aurora alomeaba n'o ceo, cando os veciños d'o lugar escomenzaban á sair d'os leitos pra non lle dar folgo á léngoa nin cansarse de faguer cruces pra escomulgal-á maldizoada idea que Martiño tiña de chegar á coba d'o monte.

Os consellos que lle deron, non son pra contados; pro nin as bagullas d'a sua nai nin as agarimosas súprecas qu'o seu pai lle fixo, nin os desinganos qu'o siñor abade lle dou, nin nada, foron abondo pra lle sacar d'os miolos d'a cabeza aquela idea.

Canto mais a noite viña, mais contento íba póndose Martiño por querer saír d'a duda aquela qu'o tiña encabuxado.

Namentras n'o lugar tan sóo se falaba d'as moitas disgracias qu'o diaño d'o monte houbera causado, é cada un faguías'a idea mais mala que faguerse pode...

O fin chegou á hora de que Martiño cumprira á sua palabra, é mentras ó seus parentes choraban coma nenos y-os veciños arrenegaban os enemigos pra que non lle pasara nada malo ó mociño, íste c'a carabina ó lombo y-un farol n'a man dirixiase coma dixera ó monte d'o Pico-sagro.

Auqu'o conto non di nada d'o que sintia o rapás camiño quizais d'a morte, e de sopoñer que levara algun medo auque mais non fora pol-os contos que d'o monte se dixeran; pro aquel'ánsea d'os cartos parece que lle daba ánemos pra siguir subind'o monte.

Asina coma chegou inda non á mitade d'o camiño sinteuse canso, e pousand'o farol n'o chan achantouse n'un croyo y-ollou á carabina pra ver si s'atopaba en condiciós de usala pra caso que tivera que faguer fogo contr'algun fantasma ou mouro

Entramentras todol-os veciños d'o lugar istaban ácaron d'o Pico ollando por si algun demo saía d'a coba pra esganar ó probe mociño, quen collendo novas forzas puxos'en pé, pillou o farol e siguiu camiñando algun tempo pensando n'as onzas y-atruxando pra ceibal-o medo, cando viña á sua maxinación á idea de qu'algun mouro poidera co il y-o botara n'a coba.

Ainda lle faltaba un bó anaco de camiño cando sintiu un berro dado por todol-os veciños d'o seu lugar o ver sair d'a cúspede do Pico unh'a cousa branca.

—¡Velo alí!—Isto foi o qu'o probe mociño sintiu sin poder darse conta d'o que tiña que ollar, pro non tardou en ver unh'a cousa branca somellante á un home coberto c'unha sáboa, é que baixaba pol-o monte brincando como unh'a pega.

Martiño que n'o escomenzo sintira en tod'o seu corpo un trembor coma si lle crabaran un coitelo n'o peito, deixou ó farol e botandoll'a man á carabina foise chegando con moita calma, hastra que tivo á *compaña* á xeito.

Quixo darll'o alto pro á lengoa non lle deixou falar causa algunha por algun tempo y-o probe Martiño non sabia que faguer pois nin pra fuxir tiña pernas...

O fin, e vendo com'o diaño d'o fantasma treuleaba coma d'alegria poido decirlle.

—Arrechégate ou guindote d'un tiro.....

. . . . . .

. . . . . .

Iñórase si fuxeu ou non, pro sábese de certo que dend'enton á casa d'o tio Xan non e tan visitada pol-os veciños porqu'e ó mais rico d'o lugar, e dispois conocíase c'o nome d'*O tio Xan o fantasma.*

¿E sería? (1)

Fois'a confesar Farruco
C'un abade de Marrozos,
E dempois de moit'aquela
Díxolle medio choroso,
Rascando c'a man direita
Un pescozaso de porco:
¡Ay, padre! ¿el será pecado
De qu'eu seya medeo tonto?
—Pecado non, soasmente
Que tés unh'a gang'ó lombo.
¿E por qué perguntas eso?
—Verá vosté: vay-ó conto.
Vosté sabe que meu pai
Ten cabo d'o tio Freitoso
Unha leira que dá xenio
Porque da nabos moi gordos;
Pois ben, eu levoll'os nabos
Pr'a de meu pai
—¡E un roubo!
—Pro son os feixes pequenos....
—N'importa, e pecado todo.
—Será, si señor, pr'ó caso....
Mais como son *médeo tonto*....
—Serás, pero mañan mesmo
Levas á-ó d'o tio Freitoso
O's nabos que ten n'a leira
Teu pai....
—¡Ay, eso un corno!
Pois d'ese xeito dirían:
Farruco e *tonto de todo*.

FERNANDO G. ACUÑA.

(1) Sobr'un *conto* que se *conta* n'as fiadas e tascas d'as Mariñas.

Don José María Riguera Montero

Xa de neno, demostrou o siñor Riguera Montero o moite que vale.

Nove anos estudiou no Seminario conciliar de Mondoñedo, chegando hastr'o terceiro da facultade mayor de Teoloxía, merecendo sempr'á cobizada nota de *Meritissimus*.

Mais non atopandose con vocacion pra seguil-a carreira comenzada, deixou con pena o Seminario y-a sua adourada Galicia, emigrando pra lexanas terras.

Chegou o siñor Riguera a Montevideo, e grácias ó seu talento e autividá, tardou pouco tempo en ser unh'a das personas mais importantes entr'os moitos españoles que forman a colonea da Repúbrica Oriental.

N'aquela cibdá fundou un Estituto superior de segunda enseñanza, qu'hoxe está no *Liceo Montevideano*.

Como Catedratico de latin expricou n'algus colexios particulares e na mesma Universidade, facendo tamen un estúdio compreto da nosa lingua nacional y-escribin-

do un libro nomeado *Vindicación de la gramática castellana;* pois n'aquela Repúbrica había alguns que desfiguraban de mala maneira o castellano.

O libro dito, qu'é unh'a verdadeira xoya literarea, valeull'ó siñor Riguera o ter á satisfaucion de seren nomeado Censor d' Academea Española d' Uruguay.

Dempois de seis anos d'estúdio na facultade de Direito e Cencias sociás da Universidade de Montevideo, presentouse o antiguo *seminarista* ó esamen de grado de Doutor, disertando sobr'ó direito de sucesion, e refutando con razonamentos vigorosos, as opiniós dos que negan o direito de testar y-as dos que defenden a libertade do testador, sostendo a teoria hoxe, estabrecida, que reconoce o direito de dispoñer *mortis causae,* co-as limitaciós e restriciós conescidas en Direito qu'o nome de sistema de lexítimas.

Este descurso foi tan ademirado, que lle valeu como abogado a confianza xeneral, defendendo ó pouco tempo un asunto d'un intrés de mais de 500.000 pesos, en que litigab'á xurisdición civil y-a comercial. Vitorios'á parte que defendia o Siñor Riguera, a fama d'éste foi crecendo d'e dia en dia; pois tamen traballou moito com'a Letrado en causas criminales. Ainda hoxe se recorda unh'a notable defensa que fixo nun proceso moi curioso sobre tentativa de suicidio.

Non gastaba no foro tod'a sua autividá o Doutor Riguera, traballaba tamen n'a enseñanza, n'as oficinas públecas, n'a prensa e nas sociedades centífecas e de beneficencia; chegand'a ser Presidente, e dempois Asesor da pirmeira Asociación española de Secorros Mútuos, sócio fundador d'a Comisión da Xunta Central Española de Beneficencia, fundador do Novo Casino Español e Secretario xeneral d'Hospital-Asilo Español; sirvind'a nosa pátrea, e send'a yalma das moitas suscriciós que se fi-

xeron n'Uruguay pra secorre-las nosas calamidades nacionales, cand'as sequias en Galicia, as inundaciós d'o Segura en Múrcia, os terremotos en Andalucía etc. etc.

Tan boas virtudes non podian quedar sin prémeo y-a sociedade montevideana fix'ó Siñor Riguera todo-los favores que puido, hastr'o punto d'ofrecerlle por compañeira da sua vida a fermosa Siñora Doña Regina López Domínguez, querida consorte do noso respetabre amigo.

Pro cando mais agasallad' estaba o ilustre gallego; cand'o fixeron Asesor da Legación e Consulado Xeneral d' España en Montevideo, tivo á desgracia d'enfermar véndose obrigado á volver á súa querida terriña en busca da saude perdida.

Dinantes de deixa-la América ó siñor Riguera, renunciou todo-los honores e moitos cargos que tiña; pro ningun lle foi adimitido, por qu'os españoles qu'estan n'o Uruguay teñen dementes com'o nós, de que Deus non ha levar tan presto ó noso querido e respetabre amigo.

Si foramos copea-los esquirtos que dirixiron ó siñor Riguera Montero cando fixo renuncia d'os seus cargos y-honores, teriamos qu'encher moitas follas d'este Almanaque. Basta decir que de todo-los Centros donde pertenecía, recibiu laudatoreas e xustas frases.

Pra que se vexa hastr'a que punto era estimado ó noso querido paisano, traducimos as palabras do Ministro d'a nosa Nación: «Deploro—dice—a causa que lle fai pedir unh'a autorización qu'eu non debo negarlle, *e que priva por agora a Legación do valioso concurso de vosté,* pr'o millor servicio da nosa *pátrea;* complacendom'en esperar, conform'o meu deseyo, qu'o descanso das suas habituales, delicadas e importantes tareas do foro, y-os aires da sua terra daranll'a saude que necesita, podendo d'este modo exercer outra vez as funciós d' Asesor d'esta Legación *qu'o celo y-acerto que ten demostrado, merecen-*

do po-lo mesmo o meu oficial e partecular reconocemento.»

Non fai moito tempo nomearon ó doutor Riguera, Xefe Superior d'Adiministración civil d'o Estado, libre de gastos, é Comendador de númaro d'a Real Orden dé Sabela a Católeca po-los servicios que prestou com' Asesor d'a Legación e Consulado Xeneral d'España en Montevideo, honores que moi poucas veces se dan con tanta xusticia.

Com'ó siñor Riguera non pod'estar folgando, en todo-los pobos, da probas da sua intelixencia y-autividá. Na mesma Cruña desempeñou importantes comisiós y hastr'a tivo ó seu cargo a Presidencia do tantas veces loureado *Orfeon O Eco.*

Fai algun tempo que xa tivemos ocasion d'e adimirar o moito que vale como esquirtor o noso biografiado, con motivo do seu libro *Carta abierta,* libro que leimos cheos d'antusiasmo po-las gasalleiras palabras que dirixe á Galicia, que si tivera moitos fillos como o Doutor Riguera, sería o pobo mais feliz do mundo.

Inda e xoven o ilustre gallego y-a sua vida e un libro con moitas follas en branco, que temos dementes d'encher con feitos de tanta grória com'os que damos hoxe á conocer ós leutores d'este repertorio gallego.

Esquenciasenos dicir qu'o siñor don José María Riguera Montero, naceu en Orol (Viveiro).

***

¡Santiago e cerra España!

Canto épico (1)

Guerreiros vóade:
fincade as espolas
no ventre dos poldros
hastra os estoupar,
e ceiben suas ventas
regatos de escuma,
seus lombos suores,
seus cascos zis-zás.

—

Aló, nos curutos,
nos desfiadeiros,
no val e nas veigas
están á montós,
os mouros que coidan
correr ós cristianos
supondoós, ¡cobardes!,
de istinto treidor.

—

Chegade e decirlles
que a fe fai milagres,
que o peito rispira
de Cristo o sostén,
que o fillo da Soevia
se loita e non vence,
nas veas ten sangue
e á patrea lla ofrez.

—

Do poema pubricado *¡Lénda de horrore!*

As lanzas e ás gumias
con que eles defenden
da sua conquista
o dreito mais vil,
opóñanse o escudo,
o herculio mandobre,
a atroz catapulta,
o ariete de eiquí.

—

E cando revoltos
os brazos lazados,
dos rostros o alento
se chegue á juntar,
facede das bocas
teazas que apresen,
dos pés maza e crava,
e dardos das maus.

—

O polvo dos campos
nos aires se espalle
formando unha nube
que cegue hastra o sol,
e envoltas na névoa
matade, feride,
mordede, estrozade
con rábea e furor.

—

No espazo resóe
o béleco atruxo,
dos celtas herdado
da vitoria augur,
e luza a bandeira
ó cabo da lanza
sobre a médea lua

o sino da cruz.

—

¡Valentes calaicos
de ardentes entranas
de nervos de aceiro
de fortes cadrís;
correde e pujantes
domeade os enfieles
baixándolle as testas.
co o jugo servil!

—

Ja síntese o ruido
do arreo guerreante;
no centro da torre
framea o pendon...
¡adiante, galegos,
carrage indomabre,
se o demo é co os mouros
con vosco está Dios...!

—

E cando tornados
á terra de novo
despóis da batalla
os trunfos ganar,
eiquí toparedes
patrizos que gaben,
mulleres que queiran,
filliños e pais.

—

En vindo groriosos
espello seredes
no que miraráse
a prole que ven
sintindo na yalma

argulo fundado
en ser descendente
de tanto procer.

—

¡Sús! ¡eih!, por Sant-Iago,
que as caixas redobran.
¡Eih! ¡sús!, por Galecia,
que chama o crarín...
entrade e vencede,
sen medo, esforzados...
¡morrer pol-a Pátrea
é á grcria rubír...!

GALO SALINAS RODRIGUEZ.

DRAMAS DO CAMPO

OS COMPADRES

Os dous erguer on se, y-acanéandose efeito do moito viño que beberan, asoparáronse d'a apolillada mesa diant'a que estiveran duas horas largas.

Xan, ó carreteiro, mozo forzudo, pequeno de corpo é faucios duras, ceibou sobr'un tallo á maldizoada baraxa c-a que s'estrevera sin sórte á probar fertuna.

Bras, ó hortelán, que non aparellaba con Xan pol-o alto y-esfamiado qui era, empetou con calma e sunrindo bulronamente, á últema moeda que tiña pouco dinantes ó seu compadre é chegara as suas maus pol-o azar do xogo.

—¡Mala sorte, compadre!—Dixolle pasand'o mesmo tempo á mau pol-o lombo.

Arredous'o outro de súpeto e refunfuñando pol-o

baixo palabras cheas d'amenazas cuspeu á un lado á punta do cigarro qu' entr'os labros sostiña fumeante.

—Pacencia.... Phs, outra ves será—añadeu Bras con certo aquel

Non se diron mais fala.

Recolleron d'un curruncho d'o oscuro sobrado ás varas arromatadas con aceiradas puntas; envolveron ó pescozo as grosas bufandas de chillós cores é tremándose n-as mesas y-as paredes pra non caer, deixaron á taberna dempois d'habel-o ganancioso satisfeito'o gasto.

O taberneiro saleu á porta acaneando á cabeza ó velos salir.

Fora facía un vento propeo do mes de Marzo que dándolles de cheo é facéndolles sintir unha sensaceon desagradabre, obrigounos á botar pr'adiante os sombreiros de longas ás.

Anoitecia. O sol había trasposto x'os montes veciños, as sombras escomenzaban á envolvelo todo é xa á carreteira que car'a casa pasaba perdias' ó lexos confundindose e-a línea de hourizonte.

Alí, acaron d'a taberna, atopabas'o carro de Xan, inmovre por estar atad'a un arbre á parexa de bois; distinguindose fortemente á sua masa escura sobr'as paredes d'a casa, recén branqueada.

Adiantous'o carreteiro cantando pol-o baixo, querendo aparescer sereo, caminñando con paso que facía enton cuasque seguro un esforzo de voluntade, é subios'o alto do carro, fincándose pra conséguilo n-os travesaños d'unha roda.

Bras c-o pau baix'o brazo, ollou a subida do compadre c'unha mirada qu'a borracheira facía estúpeda, metidal-as maus n-os petos é facendo soar as moedas que n-eles gardaba.

—¡Ey! «Marelo» ¡Ey!.... berrou Xan aguilloneand'os bois.

O carro puxos'en movimento, cabezeando, y-esparexendo pol-o aire o asubío d'os eixes enxoitos pol-a falta de sebo.

Por forza tiña que seguil-o compadre ó mesmo camiño, e foise tamen, aunque un pouco asoparado.

Foron deixaudo atral-os longos vales de frondosa vexetaceon, os rústicos caseríos ciscados arrentes d'a carreteira, as montañas cronadas de verdes y-altos pinos que somellaban chegar ó ceo.

Todo foi desaparecendo poc'a pouco com'os cuadros panorámecos que s'ollan á traves d'un cristal.

Fixos'a noite y-aparesceu á lua.

Deitado enriba d'os coiros, ó carreteiro c-os ollos entr'abertos é dificele respiraceon cuasque parescía dormir, sin medo as cabezadas do carro ó enfochancarse n'algunha d'as moitas cobas do camiño.

O compadre siguía detrás do pesado almatoste, cheo de polvo,, eslombado é dando traspés, pro sin deixar de facer soar aqueles catro cartos que ll'adeparara á sorte.

De cand'en cando se detiña; erguía á cabeza pra ollar cobizoso ó que facía ó viaxe de tan acongada maneira, e dempois volvía a siguir camiñando.

Dista sorte chegaron hastr'un paraxe desprobado por compreto, n-o qu'o camiño pasaba por entre

dous altos montes que limitaban ó hourizonte á amos lados, é Bras apurand'un pouco mais ó paso chegouse veira do carro.

—¡Compadre!—berrou poñend'as maus á maneira de tornavós—á verdá, pois.... que ben podía deixar que subira....

O compadre non respondeo.

—¿Subo compadre?—volveu á decil-o outro.

—Non hay sitio- contestou Xan sin se mover siquera.

Nada repricou á isto ó hortelán, pro encabuxado pol-a réprica frunceu as cexas e tod'o seu sembrante fixo unha carantoña.

Siguiron á marcha. Por mais qu'era á noite de crara lua y-atopábas'o ceo cuasque sin unha nube, ainda non se vían as negras siluetas d'as torres e d'as casas d'a cibdá pr'onde os compadres se dirixían.

O camiño faciase interminabre pra ó qu'iba a pe qu'andaba con moito traballo, arromatadas por compreto as suas forzas que xa o viño mermara.

Iste xeito d'andar fixoll'ó cabo d,algun tempo, dando de man á certos piques d,amor propeo, berrar de novo á Xan.

—¡Cariestolas, campadre.... por favor vexa vosté de facerm'un anaco de sitio..., as pernas non queren levarme y-a verdá.....

—Non podo—-dixo Xan ó mesmo que dinantes.

O oir esta resposta o hortelán, fixo alto poñendo á bon xeito á vara que levaba... pro, acougou.

—De sorte ¿que non podo subir?

—Non.

—Nin anque seya pagando.

—Non—dix'o carreteiro de modo que non daba lugar á mais perguntas.

Dentonces Bras perdeu'ó conocemento c'a carraxe, é tatexando unha porca interxeución, pillou á vara, chegándose d'un brinco ond'os bois que tiraban do carro aguilloneóunos c-a forza d'un tolo.

De nada d'isto se dou conta Xan.

Os animás o sentil-o castigo, fuxiron costa abaixo bruando c'o dór.

O compadre redobrou os seus golpes y-a carreira se fixo mais é mais rápeda.

O que pasou destonces foi cousa d'un instante.

O chegal-o carro a fondanada, parouse á medias c'un sacudimento terribre, é Xan com'un corpo morto, rolando pol-os coiros, cayeu dend'o alto á terra, preto d-as rodas que pasaron xordamente por enriba d'il.

Deixou Bras d'aguilloneal-o gando e surindo feramente, incrinouse sobr'o corpo do compadre; doulle sañudamente c-o pe y-arredou logo por un camiño traveso, soando ainda n-os petos os maldizoados cartos.

Tamen ó carro sígueu o seu camiño en direución á cibda, sin que nada mais qu'o canto d-os enxoitos eixes interrumpira ó silencio d-a calada noite.

A. Barreiro.

EPIGRAMA

Nos brazos tiña Enriqueta
un neniño que choraba;
Bras que por alí pasaba,
díxolle si era da teta.
Maís éla qu'inda e moi xoven
contestoulle sin saber:
—non siñor, qu'e da muller
do tío Roque de Coben.

J. BELTRÁN.

*
* *

Perguntabanll'a un da Ulla qu'iba á casarse c'unha moza moi garrida.

—Diga Alvarez ¿Como se fan as bodas na sua aldea? ¿Quen pon o pan?

—A moza.

—¿E o viño?

—O mozo.

—¿E a carne?

—On, esa vai pol-o médio.

***

¡¡Galicia!!

HINO

Deus fratesque Galicia.

***

I

Nobres fillos d'a pátrea gallega
qu'estades durmindo
tanto tempo fai.
S'ista cántega deble á vos chega
erguevos axiña
y-o sono deixai.
Non durmades enriba d'a grórea
qu'en tempos fuxidos
soupestes outer,
qu'inda ten follas brancas á hestoria
y-esperan por vosco
y-as tedes qu'encher.

—

Arriba gallegos
qu'a patrea vos chama;
á perdida fama
voade á pillar,
é sempre altaneiros
con xenio iracundo

facer ver ó mundo
que sabés loitar.

II

¿Non ha vedes con triste lamanto
limpando n'as bágoas
que verte c'o dór?
Por que ve como fuxe n-o vento
par'ela mirando
con gran sentimento
sua honra y-honor.

—

¿Non-a vedes á probe coitada
chorando e xemendo
sln folgo se dar?
Porque triste, de verse esfamiada
se sinte morrendo
sin forzas nin nada
pra poder loitar.

—

Arriba gallegos
erguevos axiña
qu'o tempe camiña
sin folgo se dar;
y-a patrea non quere
sostel-os tiranos
nin homes villanos
no seo cochar.

III

¿Onde van os teus bravos guerreiros
que loitaron, Galicia por tí?
¿Onde van os groreosos loureiros

que mil estranxeiros
deixaron eiqui?
¿Onde van esas grandes vitorias
que correndo pol-o mundo van?
¿Ond'os feitos de xigantes grorias
s'as vosas mamorias
nin mentras lles fan?

—

Arriba gallegos
botad'os larpeiros
que tan altaneiros
vos queren furtar
os vosos direitos,
sin qu'haya en Galicia
nin leis nin xusticia
pra vos gobernar.

*
* *

Un rapaz, qu'era tolo de comenencia, saliu de Madrí sin unha soila peseta e chegou á Coruña con trinta reas no peto.

A xente quería saber como s'apañara pra ter tanto diñeiro ¿viñeche roubando?

—Non.

—Destonces, viñese pidindo.

—E logo había de vir *dando?*

*
* *

—Meu pai qu'está facendo?

—Unha cunca de pau.

—E pra que?

—Pra darll'o caldo a tua abolita, que como e tan velliña anda babando todo-los cazolos.

—Pois destonces faga outra cunca pra cando vosté teña *netos.*

Custión de Dereito

—

Recien casado ausentouse
pra Portugal Xan Peirano
deixando c'un ciruxano
de criada á sua muller,
que moi contenta encargouse
do gobernarll'a casiña,
pois era unha mulleriña
que todo o sabía facer.
Dez anos por fora estivo
en Lisboa e mais n'o Porto
contándose xa por morto
entr'a xente do lugar,
pois nunca duas letras tivo
pra sua dona o perguiceiro,
é soilo en facer diñeiro
solía o home pensar.

Un día, n-o mes d'Outono,
aparesceu Xan n-a aldea
de reló c'a sua cadea
de bon ouro do Brasil,
é xa non puido ser dono
de si, porque n'un momento
acudiron mais d'un cento
de veciños ó pe d'il.

Non faltou quen ó puxera
ó corriente alí de todo,
nin charlan que d'algun modo,
por xeringalo quizais
en prúbico lle dixera
qu'a sua probre mulleriña
do seu amo un fillo tiña
de tres anos y-algo mais.

Fora de si ó bon de home
de carraxe todo cheo,
virou os ollos ó ceo
ceibando ó sombreiro ó chan;
e maldecindo ó seu nome
d'alí cabizbaixo foise
y-ó outro día presentouse
a-a muller pol-a mañan.

Algunha cousa ocurriu
do ciruxano n-a casa,
porqu'a media hora escasa
segun n-o lugar se di,
saír á Xan se lle víu,
mais fero q'un can doente,
c'unha fendecha n-a frente
d'un pau qu'apañou alí.

Algunhos días pasados
Xan y-a muller se xuntaron

y-o ciruxano levaron
ant'o Xuzgado de pas,
donde foron celebrados
un xuicio por maltrato
y-outro logo á pouco rato
sobre entrega d'un rapás.
Por mais qu'o Xuez fixo é fixo,
valéndose de mil artes
pra ver d'avenil-as partes,
nada puido consiguir,
por que Xan qu'a muller quiso
demostrarll'ó seu cariño,
empeñouse en qu'o filliño
con sua nai habia de ir.
Entr'os puntos de direito
que s'oiron n-o Xuzgado,
morece ser apuntado
eiqui á continuación,
ó que Xan moi satisfeito
o' ciruxano citaba
cando iste lle negaba
n'o asunto tod'á razón

Siñor Xuez, á cousa é crara,
é ninguen d'isto me saca,
eu son dono d'unha vaca,
quen di eu, dice vosté;
e sin que naide ó esperara,
socede qu'ó millor día
á vaca ten unha cría:
¿ó becerro de quen é?»

.....
.....

O Xuez [illegible] razos atento
que Xan P[illegible]irano ll'espuxo

N-o auto á entrega dispuxo
do rapás que recramou;
e n-aquel mesmo momento
diutou con gran dilixencia
n-o xuicio á sua sentencia,
qu'as partes notificou.

C. FERNÁNDEZ.

Cántegas

Rube rube miña xoya,
rube non mires pr'atrás
que t'espera Dios n'o ceo
pois quér ter un ánxel mais.

En cada un d'ises teus ollos
quixo Dios poñer un ceo,
en cada ceo unha aurora
y-en cada aurora un luceiro.

Tres cousas hay que cobizo
é non has podo pillar;
viño vello, nena nova,
é cartos para gastar.

Namorei unha criada
coidando que tiña moito;
diñeiro non atopei
per'outra cousa... tampouco.

Teñen as costureiriñas,
teñen ó que Dios lles deu,
teñen as costureiriñas,
teñen ó que ben sei eu.

N'bay cousa millor n,o mundo

que ser criado d'un crego;
s,e home, muller segura
e s'e muller, conto feito.

Quixera ser branda brisa
pra vóar hast'o teu lado
é pecharme coma en rosas
n'os teus bermelliños labeos.

***

Andacio

De Lamas é de Pedroso,
Pedro Val é Xan Cabana,
os dous xuntos para á Habana
determinaron marchar,
y-o despedirse chorosos
ante os respeutivos cregos,
xuraron verse antes cegos
qu'as mulleres olvidar.
Embarcaron sin tardanza
pensando n'as mulleriñas
que sin fillos é noviñas
deixaban tristes eiquí,
levand'ambos á esperanza
de facer miles sin conto
é de mandarlles moi pronto
uns cartiños desd'alí.
En Cuba os dous se levaron
como negros traballando,
conseguindo ir aforrando
duas onzas é media ou tres,
que de contado xiraron
comprindo co-os seus deberes
a's probes d'as suas mulleres
o' facer ó quinto mes

Reveses é mais reveses
os infelices sofriron;
tirados alí se viron
sin atopar que facer
y-o comprir os once meses
retornaron á terriña,
alcontrando preñadiña
cada un á sua muller.

Pedro ó verse así engañado,
mesmo bravo com' un toxo,
miraba á muller con noxo
sin querer á casa ir,
hastra qu'un dia anoxado
alcontrou con Xan n'a eira
e faloulle d'a maneira
que vades agora á oir:

—Estou que mesmo rabexo,
dixo Pedro ó bon de Xan
—¿Que che pasa? ¿Que che fan?
dixolle Xan desd'enriba,
Y-o probe Pedro, tatexo,
sin poder cas'espricarse
comenzou á lastemarse
d'a sua sorte tan cativa.

Contoulle qu'a sua muller
estaba d'outro preñada,
é qu'a parroquia enterada.
s'atopaba toda xa;

é Xan pol-o convencer
lle dixo—Vaite dispacio
qu'o crego dice qu'e «andacio»
tamen á miña che está.—

C. Fernández.

Pronto remedio

—¿E ti que tés?

—Nada home, vín onte de Madrí, e n'a estación do trén, saíronme un fato de larpeiros pregoando unha chéa de fondas e hospedaxes.

—¿E tí que fixeche?

—Non darlles créto, é buscar unha; pro saléucheme tan ruín, qu' esta mañán fuxín d' ela, e non sei pra onde vaya.

—O que non sabe, fáiche com' ó que non vé. Eu te levaréi á unha casa n'a que che xuro has d' atoparte como un príncepe.

—¿E cal é esa casa?

A Maravilla

Rua Nova 19

OS CALLOS

CONTO

I

Xaquín Souto era un rapás
d'unh'as condiciós tan boas,
qu'era en tod'a súa aldea
cobizado pol-as mozas.
O certo e qu'era un mociño
coma moi poucos ¡pardiolas!
Tiña unh'a frente serena
coma ó ceo d'unh'a aurora
y-unh'os olliños tan negros
coma grilos, com'as mouras
que solen saír n'as silveiras
pol-os valados d'as hortas,
unh'a nariz pequeniña
y-unh'a boquiña ¡que boca!
tan breve, tan pequerrecha,
que cáseque daba grórea
ver sonrír aqueles beizos
que envideaban as mapclas,
y-en resúme, era un rapás
cal ningún na aldea toda,
porque ademais de bon mozo
com'andivera na escola
y-adeprendera ás leuciós,
tiña unha esprica tan boa,
lia tan ben, qu'os veciños
íbanlle á todal-as horas,
cuasque c-o pucho n-a mau
com'aquel qu'á Dios lle roga,
pedindolle que lles léra
un, unh'a carta, outro, outra;
e Xaquín, sin mais fachenda

qu' aquela fachenda própea
de todo mozo entendido,
liallel-as cartas todas.
Ademais par'o traballo
tiña cuasque tantas forzas
com' un boi, é traballaba
sin folgo todal-as horas,
asi que non era estrano
que ó cobisaran as mozas;
pro Xaquín non se fixaba
nin lle importaba gran cousa
as olladas d'as mulleres
que por él estaban mortas.
Pro com'ó amor e moi tolo
e domin'ás almas todas,
fixo qu'un dia Xaquín
s'atopara cou Antona,
unh'a rapaza garrida
d' unh'a d'as aldeas próusimas,
e se namorase d'ela
e sintira esa ánsea tola
que sinten os corazós
a-o cobizar unh'a cousa
que non teñen, é que ven,
e que quereu facer própea.
Por mais qu'el n-esto d'amores
era ó mesmo que unh'a toupa,
amañouse de tal xeito
y-empregou tanta parola
que consigueu qu'a rapaza.
for'ó cabo á sua moza;
y-anque todol-os veciños
cando souperon á nova
sin trégolas marmuraban
pra desvirtuar á Antona,

Xaquin non lle daba creto
á xente marmuradora,
porque á rapaza gustóulle
y-era de familia boa.
Pero fuxido algún tempo,
é vendo n-o mesmo á cousa,
é querendo arromatar
con to dal-as malas sonas
qu'as íngoas ruis ceibaban
dia é noite sobr'Antona,
dispux' ó seu casamento
canto mais axiña fora.
Díxoll'ó pai-y-éste foi
bulindo ó pé d'o de Antona,
quen non lle negou á vénia
pra que se fixera á boda.
—Eu dareill' á miña filla
aquelo que darlle poida
—Y-eu tamen farei ó mesmo
c'o meu fillo, e ben abonda
pra que despois se gobernen
e vivan coma n-a grórea,
porqu'o rapáz e espelido
e tivo moi boa escola.
—Pois á miña anque non foi
non ten un pelo de tonta.
—Despois él e com'un santo
—Pois éla com' unh'a xoya
—Y-él e moi traballador.
—Non, pois éla nunca folga.
—Pois Dios lles de traballiños.
Falla lles fará.
—¡Pardiolas!...
ó traballo sonll'as rentas
d'os probes

—Pois si non fora
ó fisco qu' ó leva todo,
e que nos deixa por portas,
xuroll' á casta d' os nabos
que non hay n-a vila toda
home mais rico que min,
abofellas
—Ben, as cousas
hay que tomalas cal veñan
ben de grado, ben por forza.
—N'hay romedio
—E inda gráceas
que un teña un fillo e dispoña
d'alguns cartos pra casalo
com'á min me pasa agora.
—E certo, siñor, é certo,
que mais deloroso fora
non ter nada pra lles dar,
que mais son os que non poidan
abofellas; pero nós
xa non temos esa contra
é podemol-os ver ir
coma poucos, é cal poucas.
—Eles, que se queiran ben.
—¡Querense com'a duas pombas!
—Pois logo está ó trato feito.
—Por min qu'atrás non se volva
—Destonces han de casarse
canto mais axiña poidan.
—Que se casen.
—Pois adios
—Diol-o acompañe.
—En boa hora.—
Asopararons'os pais
y-entramentras ó d' Antona

lle contaba ó que pasou,
ó de Xaquín cuasque vóa
pra chegar axiña á casa
á levarll'a grata nova
ó seu fillo, que impaciente
asperando estaba fora.

II

Era unh'a mañan. Ainda
tan só ó refrexo d'a aurora
alumeaba ó puro ceo
qu' entoldab'aldea toda.
Os paxariños parleiros,
deixaban as verdes follas
e voaban pol-o espaceo
cantandoll'hinos de grórea
ó novo día, que vindo
viña con pasō de toupa.
Inda estaba amanescendo
e xa n-a casa d'Antona
estaban os seus parentes
parola que te parola,
discurrindo que facer
pra que resultas'a boda
coma ningunh'a se fixo
d' aquel lugar á redonda.
Iles xa tiñan disposto
un almallo, vinte polas,
sete galos, oito dúcias
de chourizos de clás boa,
médeo cocho, arroz con leite,
en seis ou sete cazolas
moitas libras de molete,

y-un carneiro, cuyas cornas
pr' adivertirse qu'o noive,
as tiña á noiva dispostas.
Pro non se deprocataron
cuáseque hastr'a últema hora
d'os callos, que pra xantar
póñenos n-as bodas todas,
y-éles xa non tiñan tempo
pr' amañalos, e di Antona
—si non se comen de día
xusto e qu'a noíte se coman;
ir logo á Vila por éles
porqu'os do almallo n' abondan
y-estando para cear
á tempo chegan.—
—Pois vóa
a buscalos—dix'o pai
a süa muller
—Pró escoita,
¿é ti sabes amañalos?
—Hánse compoñer de sobra.
—Pois logo, corro por éles.
—Vente axiña.
—Tenme conta.

III

Fois'a probe d'a muller
correndo com'unh'a tola
entramentras, se xuntaba
na casa á compaña toda
que habería d'ir c'os noivos
hastr'a igresia, en onde tocan
as campás coma siñal
que se vai chegand'a hora
de qu'os noivos se arrecheguen

pra facel-a ciremonea.
A-o pouco tempo sairon
en procesión noivo e noiva,
siguidos pol-os padriños
é por todal-as personas
d'a sua amistá mais íntemas
que si non irían moitas
y-e fácele que n-a Igresia
non poideran entrar todas.
Si ó mozo, os mozos envidean,
non menos lle pas'á moza;
pois iban ambos á dous
coma ninguen se recorda.
El vistía calzón curto,
d-o que tremaba unh'a onza
n-a cintura, y-ademais,
iba de polainas novas,
feitas de pana é de seda
pra lle dar á média volta
que brilaba e daba xénio
ó verllas n-as pernas postas;
despois levaba n-os pes
uns zapatos d' almalloas,
que cobrían as patelas
d-as polainas hastr'as bolras;
tamen levaba a monteira
d-o trinque y-a camisola
era de prigos pranchados
e feita d' últema moda,
con catro betós de prata
com'a cadea d-a mostra,
que saindo do chaleque
daball'ó pescozo volta,
y-enriba de todo isto

y-algo mais que non se conta,
unh'a capa ben comprida
feita de pano d'a Costa.

A noiva o mesmo c'o noivo
iba tamen muy ben posta,
levaba un mantelo, que era
de pano de Tarazona,
con torciopelo cuberto
pol-as veiras á redonda,
un dengue feito de grana
encarnada, y-ó dar volta
pechábase c'uns corchetes
d-a figura d'unh'a concha;
un adrezo como poucos
y-unh'as cabazas cal poucas,
que lle deu ó seu padriño
coma regalo de boda;
e n-os pes, que se podían
cuasque pechar n'unh'a rosa,
uns zapatos con ribetes,
que lle regalou á sogra,
é mandou facer n-á Vila
á-un zapateiro de sona.

Ase qu'ela iba ¡tan cuca!
e dispois c'aquela cófia,
branca c'oma mesma neve....
eu fin, o noivo y-a noiva
eran á ademiración
d-os mozos é mais d-as mozas,
que pra velos ir casar
saian todos ás portas.
—O fin topou con quen ir—
dician ás cobizosas.
—¡Quen me dera á min ser él!—

—¡Quen fora éla!—Y-outras cousas
somellantes se escoitaban
sair de toda las bocas;
pro éla casou con Xaquín
y-él se casou con Antona,
e si noivos foron antes,
esposos xa son agora.
Cando chegaron á casa
xa tiñan á mesa posta
n'o sobrado y-a carón
en ringleira, vese toda
á xentiña quo non foi
hastr'á Igresia, por ser moita;
e cando viron chegar
á vente d'a ciremonea
armouse tal gritería
armouse tal batayola,
que non e para contado
porque foi gorda, moi gorda.
E cando se viron cheos
de facer berral-as gorxas,
foron acougando todos
pra escomenzal-a encherola.
Deus' orde de que viñera
pra mesa á comida toda;
e mentras comen con calma
os mozos e mais as mozas,
parolando na cociña
estaban os pais d' Antona.

V

—¿E tí que fás?—dixo él—
—Os callos.
—Seica estás tola?
—Non, que ven sei o que fago,

—N'ha de ser moito.
—Pois olla:
guiso com'a fan nas vilas
por mais que sal caro
—¿Coma?
—¡Es ben burro!.. ¿Coma?.. Sendo.
—Pois eu non entendo a *cousa*.
—Cando fun mercal-os callos
que están fervendo na ola,
vin un home nunh'a praza
que dicía a xente toda:
«*para lis callos, nada hay*
comi ista grasi, si toma
uni poqui si ristrigan,
madurandi in uni hora.»

.....

.....

Non deixei arromatar
cand'oin falar tal cousa;
merquei tres caixas de grasa,
que xa están drento da ola.

***

A ELA

(SONETO)

Te vín por vez pirmeira, e n'o meu peito
Sintín ferver sol'á ánsea de quererte;
E sin, por nada e naide, á ti esquencerte
Buscand'o téu cariño fún direito.

Loitéi c'a mala sorte de tal xéito,
Que poíden dona miña ó fin facerte;
Y-agora que de cote podo verte,
Treidora envexa quer crebal-o feito.

Mais, non, que tí eres boa é non consintes
Que naide torza ó rumbo d'as ideas
Que desd' entón n'á y-alma pra mín sintes.

Naciche pra quererme; tí ó deseas;
E como sei que ó teu amor nón mintes
Sin folgo ché diréi «bendita seas.»

* **

SEUCIÓN RECREATIVA

CHARADA NÚM. 1

D'a sua «cuarta» con «pirmeira»
érguese á tia Facunda,
é márchase moi enteira
c'a «tres catro» á «tres segunda»:
Fai a vez que garda ó gando
unha «todo» enseguidiña
y-a noite volve cantando
c'os vacuxos pra casiña.

ROMBO NÚM. 1.

*

* * *

* * * * *

* * *

*

Sostitúanse por letras os asteriscos, de sorte que hourizontal é verticalmente se poida lér

1.° Vocal.
2.° Tempo
3.° Soílo.
4.° Apellido
5.° Vocal.

TRIÁNGOLO NÚM. 1.

* * * * *
* * * *
* * *
* *
*

Sostitúense por letras os asteriscos, de sorte que horizontal e verticalmeute se poida lér.

1.° Adivirtición.
2.° Parte do cocho.
3.° Tempo de verbo.
4.° Nota musical.
5.° Vocal.

CHARADA NÚM. 2.

Tres mozas teño n'a aldea,
unha d'elas costureira,
«prima» «catro» nada fea,
«tres» «catro» moi boniteira
a outra chámase «todo»
y-e nena moi agraciada;
dicirvos xa mais non podo
si non descubro á Charada.

CHARADA NÚM. 3.

Co-o calzón pol-o segunda
todo roto me primeira;
loitei con pena prefunda
e'unha sorte cativeira.
A forza de privacíós
unh'a tres catro merquei
e hoxe, gracias á Dios
algún creto recobrei.
Como horfiño estou n'a vida
teño pensado casarme
e'unha todo moi garrida
que non deixa de gustarme.
Ela terceira me ten
é xa de palique farta
desea qu'o vrao que ben
nos una un segunda cuarta.

CADRADO NÚM. 1

. . . .
. . . .
. . . .
. . . .

Cambénse os pudtos por letras, de maneira que poida lérse horizontal e verticalmente.

1.° Pobo de Galicia.
2.° Froito.
3.° Animal doméstico, é
4.° Feras.

CADRADO NÚM. 2.

. . . . .
. . . . .
. . . . .
. . . . .

Cambense os asteriscos por letras de modo que vertical y-horizontalmente se poida lér:
1.º=Poeta gallego.
2.º—Tonto.
3.º—O nome d'un treidor é
4.º—pronome posesivo.

FUGA DE VOCALES

. n c. d.. n d'. s. s t.. s. ll. s
q.. x. D.. s p. ñ. r .n c..,
.n c. d. c.. .nh. ..r.r.
y-. n c.d. ..r.r. .n l.c..r.

ROMBO NÚM. 2.

```
      *
    * * *
  * * * * *
    * * *
      *
```

Cambeense os asteriscos por letras, de sorte que hourizontal e verticalmente se poida lér.

1.° Consonante.
2.° Sustancea dóce.
3.° Río de Galicia.
4.° Ley.
5.° Consonante.

TRIÁNGOLO NÚM. 2.

```
* * * * * *
* * * * *
* * * *
* * *
* *
*
```

Sostitúense por letras os asteriscos. de maneira qne se poida lér horizontal e verticalmente.

1.° Utensilio de cociña.
2.° Nome masculino.
3.° O que teñen os hovos.
4.° O que todos debíamos ser.
5.° Número impar é
6.° Vocal.

SOLUCIOS

Charada 1.ª—Mazaroca
» 2.ª—Margarita
» 3.ª—Vinculeira

ROMBO 1.º

U
ANO
UNECO
OCA
O

ROMBO 2.º

L
MEL
LEREZ
LEY
Z

CUADRADO NÚM 1

LUGO
UVAS
GATO
OSOS

CUADRADO NÚM. 2

ANON
NOPO
OPAS
NOSO

TRIÁNGOLO NÚM. 1

RUADA
UNTO
ATA
DO
A

TRIÁNGOLO NÚM. 2

TREBUE
RAMON
EMAS
BOS
UN
E

FUGA DE VOÇALES

En cada un d'ises teus ollos
quixo Dios poñer un ceo,
en cada ceo unha aurora
y-en cada aurora un luceiro.

COUSAS DA BRÉTEMA

Farruco que non ten fala
e Pepa qu'é xorda enteira,
esmagoárons'a faceira
por cousas qu'a xente cala.
Mais aposta ó cego Leito
que él a desfeita mirou
e que Farruco chamou
a Pepa «muller sin xeito.»
Que éla esto lle sintiu
e sin poderllo gardar,
empezou n'él á bourar
y-él por esto a sacudiu.

J. BELTRÁN.

*
* *

—Adios Xorxe, asomellas un figurín con ese traxe **novo.**

—Por certo, como qu'está feito por un xastre de *moito mimo.*

—Pois vou ir ond'a él, pra que me faga a min outro igual; pois este que teñ'ó lombo, mesmo da noxo velo. As solapas da chaqueta, parece qu' escapan de xunt'o cuello, y-o pantalón ten unha potra que nin qu'estivera qrebado. Xa estou convencido de qu'os xastres de sona, moitas veces, son unhos chapuceiros.

—Pois destonces, cando queiras, eu irei contigo.

—Non fai falla, abonda con que ti me digas o seu nome e mais donde vive.

—Ahora que m'acordo, teño no peto unha tarxeta que me mandou, toma.

—Aquí non dicen mais que *Anton da Iglesia, xastre.*

—Pois perguntando por él, calquera che da razón; pero non perguntes a ningún xastre.

—Moitas grácias, adios amigo Xorxe.

—Adios Ventura.

—Esquenciaseme, decirche que cando queiran as tuas fillas facer algún abrigo, tamen os fai o meu xastre.

—¿Pero tamén traballa pras mulleres?

—¡¡Xa cho creo!!, como que toda-las rapazas que poñen á roupa feita da sua man, se casan de contado.

—Mañán mesmo, voull'e encargar roupa pra min e mais pras miñas fillas.

***

REFRÁS

Libro cerrado non fai Letrado.

—

En Xaneiro a sardiña vale carneiro.

—

En San Xuan a sardiña pinga no pan.

—

Pras ánemas un carto pra viño catro.

—

O siñor e o porco ten que vir de casta.

—

O boi pol-a corda e o home pol-a palabra.

—

Díxoll'o pote a caldeira, saca d'ahí que me lixas.

—

Dame pan e chamame can.

—

Dichoso mes q'empeza con Santos y-acaba con San Andrés.

Moralexas

En Noya un zapateiro qu'era tolo
Non comía mais da broa qu'o meolo;
E deixáball'os codechos pra sua aboa,
Que non tiña nin un dente ni un ha moa:
Esto ven a probar hastr'a evidencia
Qu'algús tolos, o son de comenencia.

—

O crego de San Cosme de Sobér
Dizque toma o chiculate con culler;
Y-a criada que non quer seguil-o uso
casi sempre com'as papas con un fuso
Estoproba leutor qu'e certo o dito
De que n'hay sobre gustos nada escrito.

—

Con Marica loitando Xan d' Eirolas
O boton se lle soltóu d'as suas cirolas;
E Marica que de Xan caiu debaixo,
Forcexando rompeu tod'ó refaixo:
As mulleres n'estas y-outras toleadas
Teñen sempre que salir moi mal paradas.

***

FOTOGRAFÍA

DE

PARIS

DE

JOSE SELLIER

9, SAN ANDRÉS, 9

A CRUÑA

12, San Andrés, 12

Bodegas de Touro e Rioxa.

Grandes esistencias de viños finos pra mesa.

Brancos de Rueda é Navas do Rey.

Rioxa anexo de váreos anos.

Extra do 88

Diferentes marcas muy conecidas y-acreditadas.

Surtido compreto en viños de Xerez y-outros.

Especialidades excrusivas

Anisado d'a Rioxa, Ponche Cognag, e Noz d'Améreca.

Ventas ó por maor y-en barriles que non baixen d'unha arroa.

O embotellado sírves'a domecilio.

Zapateria

DE

INACIO LAGE

REGO D'AUGA 16

En est' Establecimento fais' á medida tod'o concerniente ó ramo.

¡¡Non esquencerse!!

Zapatería

DE

INACIO LAGE

16 — REGO D'AUGA — 16

A Cruña

Ultramarinos

DE

José Pereira Fernandez

San Andrés 114

Champagne verdadeiro, Cogná é Rum lexitemos é toda clas de viños xenerosos.
Conservas de pescado, froitos, hortalizas, etc., etc.
Pasas, figos, café, chiculate, garabanzos, buxías, carnes de cocho, é un compreto surtido en tod'o concerniente ó ramo.

San Andrés 114

JUAN AMOR

Reloxeiría, Prateria é Xoyeria

San Andrés 15

A CRUÑA

Gran taller de calzado

DE

EDUARDO R. de ARELLANO

En iste taller, ademais do compreto surtido de calzado que n'el hay, fais'á medida tod'o concerniente á ramo de zapatería. Preceos sumamente módecos.

15, Cantón Grande, 15

Panadería é Bolería Madrileña

DE

Salvador Maseda

Provoedor d'a Ral Casa é premeado n'a Exposicion d'a Cruña en 1878

14, SAN AGUSTIN, 14

A Cruña

Gran tenda d'os Chicos

29 — Real — 29

A CRUÑA

Pirmeira Casa en novedades pra homes, mulleres é nenos.

Surtido compreto en utes, satís, terciopelo, é damasco própeo pra tapiceiría.

Fanse traxes á medida por 5 pesos.

Especialidade n-a feitura de traxes pra siñora, pr'o que hay un d'os millores cortadores estranxeiros.

Constantino García Solís

SOMBREIREIRO

22 — REAL — 22

Altas novedades en sombreiros d'o reino y-estranxeiro.

Compreto surtido en gorras de todas clas.

Composturas e reformas á preceos baratismos.

=José Paradela Blanco=

15, SANTA CATALINA, 15

Pereiras de todas clas, Pavías, Albaricoques, Claudias, é Cirolas brancas é negras, Acerolas, Nísparos d'a Xapónica y-o país. Cepas de parra, Naranxas, Limós e todas clas de froitos.

Camelias, Pitisporos Xapónicos, Bambuses, carabees, palmeiras, rosales, drácenas, magnolias y-otras vá-ias crases de frores y-arbres.

Hotel Ferro-carrilana

DE

VICENTE VALLEJO

100—REAL—100

A CRUÑA

Os Madrileños

=24, 1.º — ORZAN — 24, 1.º=

A CRUÑA

Uneca casa en Galicia que s'encarga d'a compra é venta de todol-os xeneros procedentes de Saldos, Quiebras é Subastas.

N'hay quen venda mais barato qu'

Os Madrileños

=24, 1.º — ORZAN — 24, 1.º=

A CRUÑA

A Necesaria

Centro xeneral de noticias sobre inquilinatos

dirixido por D. E. Aranda,

PROCURADOR D'OS TRIBUNALES D'A CRUÑA

SAN ANDRES 63, baixo.

Todol-os propietarios que inscriban as casas n-esta axencia non teñen que gastar cartos en desahucios.

Pídanse circulares.

JOSÉ GARCIA LOPEZ

ESPORTADOR

de viños gallegos pra ULTRAMAR con depósito ó por maor e menor n-esta capital.

23—OLMOS—23

Café Norueste

13, Rua Nova, 13

Sírvese café inmellorabre, coma tamen todol-os articolos pertenecientes á ista clas de estableeimentos.

Andrés Mosquera

Ciruxano Dentista

Rua Nova 18-20—principal

A CRUÑA

Mausimino García

Sombreireiro

33—REAL—33

Surtído compreto en sombreiros é gorras de todas clas. S'encarga de todal-as reformas e compostu-ras do arte.

PRÉCEOS BARATISMOS

Lampistería

DE

Faustino Sampedro

FONTE DE SAN ANDRES 30

Componse toda clas de metales.
Instalaciós de gas y-auga.

A Dominica

FONDA

de Xerardo González é Compañía

RUA NOVA 7—A CRUÑA

Habitaceos luxosamente amuebradas, sirvicio esmerado, parador de coches ó ferro-carril, prouxim'as oficinas do Estado; á cociña istá á cargo d'un bo cociñeiro, comedor n-a pranta baixa.

PRECEOS Ó ALCANCE DE TODOS

Fotografía

DE

Enrique F. Bello

FUNDADA NO 1874

N'ista fotografía trabállase según os mais novos adiantos.

35—San Andrés—35

A CRUÑA

Cervevería ingresa

Sucesor de H. P. Longe

Bebidas de todas clas europeas y-amerecanas.

34—REAL—34

A CRUÑA

Ultramarinos

de Anton Fojon Hirman

38—SAN ANDRÉS—38

Viños de Castilla, Riveiro, Xerez, Champagne y outros d'as millores marcas.

Carnes de Lugo, Garabanzos de Castilla, Dulces d'amereca, froitos de todas clases, Queixos de bola e to-d'o concerniente ó ramo.

Non esquencerse que viven veira d'a capilla de San Andrés.

ANTON FOJON HIRMAN

Gran barato parisién

DE

Leandro García

17—SAN ANDRES—17

Gran surtido en boquillas, tixeiras, navallas, xoguetes, é cantos ouxetos se queiran en perfumería, visutería, quincalla y-articolos procedentes d'os presidios como non ten naide mais qu'o

Gran barato parisién

17—SAN ANDRES—17

— *Papelería de Ferrer* —

61, REAL, 61

OUXETOS PRA ESCRITORIO, DIBUXO E FRORES

ESPECIALIDA EN

Carteiras, Petacas, Tarxeteiros e Boquillas. Impresios comerciaes é de todal-as clas. Ediciós d' Obras de luxo científicas é literareas.

A Nova Madrileña

Gran depósito e taller de calzado

DE

G. Maluenda

19 —Rua Nova— 19

A CRUÑA

Depósito de calzado

DE

Nieves Chouciño

27 — Rua Nova 27 —

A CRUÑA

A Compostelana

Fonda de Xan Luis Lago

OLMOS, 8—A CRUÑA

Arredada 50 metros d'as oficinas d'o Estado y-Adiministraciós de coches. Préceos ó alcance de todal-as fertunas. Departamento de baños.

Rua Nova 23—A Cruña

Nova fabricación de gaseosas compostas con viño quinado ferruxinoso, recomendado pr'o uso doméstico pol-os mais recoñecidos médecos d'España y-améreca. Pedilas n'esta casa coñecida c'o nome de LEON XIII.

Hay vareadas cervezas d'as millores é se represent'as casas d'os siñores González é Torregrosa de Xerez pr'a venta d'os millores viños y-a de Suñol de Badalona pr'anisados finos.

25—San Colás—25

Establecimento d'ultramarinos; viños, vinagres e froitas verdes é secas de

Andalucía

25 --- SAN COLÁS --- 25

A Cruña

José Iglesias

XASTRE

11—CANTON GRANDE—11

Habendo recibido un compreto surtido de panos, se encarga d'a confeución d'e tod'ó concerniente o ramo á preceos non conecidos.

¡¡Non esquencerse!!

11-CANTON GRANDE-11

O' ceo

Gran almacén de calzado para homes mulleres é nenos d'as millores casas de Madri e Barcelona

PRECEOS BARATISMOS

14—SAN AGUSTÍN—14

A CRUÑA

Café Colón

DE

BERNARDINO GONZÁLEZ

CANTÓN GRANDE

O dono d' este café; ofre' o prúbico, un gran surtido de bebidas própeas d' un establecimiento d'a sua clas.

3,4-CANTÓN GRANDE-3,4

A CRUÑA

Visitade

ó Establecimiento d'a

Viuda de C. Martínez

SAN AGUSTÍN-32

y-atoparedes un gran surtido de lenzo, telas, fíos, betós, lixeiras, navallas, etc. etc. á preceos sin igual.

Antigoa Reloxería

de

Canton grande

de

Tomás Leiro Deus

Relós de precisión dispertadores de todal-as clás. Liontinas é cadeas de prata é nikel.

Fanse composturas á preceos baratismos.

23—CANTON GRANDE—23

Ultramarinos

JORGE NAVARRO

Casa fundada n'o

1.864

Santa Cataliná 1°

é

Cántón Pequeno

Café Impereal

DE

Ramón Vales

CALLE

DO

Rego d' Auga

núm. 35

O Touresano

Almacen de viños

garantizados

de Benito Santos

á preceos non conescidos

Tinto, medio litro, 0'25 pesetas. Branco, medio litro, 0'30 idem.

¡¡Provade é veredes!!

Estreita San Andrés, núm 2.

A Valenciana

21—S. COLÁS—21

ESTEREIR A Y ARTÍCOLOS

f de

VALENCIA

Xa se recibiron as esteiras pr'esteirar habitaceós, com' os ruedos é limpa-pes.

Non s'esquenzan que tamén hay lan pra colchós, sin competencia e calzado de todas clas.

A VALENCIANA

S. COLÁS 21

M. Villegas

S. COLÁS 14

A CRUÑA

Gran surtido en sombreiros é gorras á préceos baratismos.

Fánse toda clas d'encargos e composturas.

M. Villegas

S. COLÁS 14

9 S. Colás 9

A Cruña

Compreto surtido de xamós, touciños, mantecas frescas é cocidas, longaniza, chouri-zos, lacós, cacholas de cocho é queixos de S. Simón y-o Cebreiro.

9—S. COLÁS—9

A CRUÑA

Fabricación

DE CALZADO

de F. García é compañía

45—REAL—45

N'esta casa, procúrase facel-os zapatos ben, é cobral-os o millor pue se poida, pois dicir que vendemos perdendo cartos é mintir y-o prúbico non-o crée e fai ben.

Hay calzado de todas clás por poucos e moitos cartos.

¡Non esquencerse!

45—REAL—45

José Lodeiro

(a) Luchini

PINTOR

Ofrec' os seus servicios en tod'o concerniente ó seu ramo, á precios baratísmos.

FONTE

de S. Andrés, 19

A CRUÑA

A MADRILEÑA

Gran casa pra viaxantes

DE

Salvador Varela

Rua-alta, 21

A CRUÑA

En ista casa atopará ó viaxeiro esmerado trato y-habitaciós longas e ben amuebradas, todas con vistas á calle y-os paseos de Mendez Nuñez.

PRECEOS: 4 e 5 pesetas

Despacho de viños

de

Tomás Lagares Franco

29, GALERA, 29

A CRUÑA

O novo dono d' iste establecimento, ofrece ó prúbico, e con especialidade n-as noites de antroido e treato, toda clas de cenas é viños á precios sin competencia.

Limpeza, autividad y-economía.

Non esquencerse

Barbería

DE

Manoel Rodríguez

16-Fonte de San Andrés-16

En ista barbería
se corta ó pelo,
e s'afeitan as barbas
con moito esmero,
vid'eiquí todos
si querés d' ista casa
saír bos mozos.

Santiago R. Varela

RELOXEIRO

Ancha de Santa Catalina, 11

Relós de todas clas. Cadeas e liontinas de prata e nikel.
Preceos baratismos.

Ancha Sta. Catalina, 11

ELVIRA IGLESIAS

Modista

Orzán, 67-1.º

A CRUÑA

A Bodeg' Alicantina
DE

J. Barrio é Barceló

10—CORDONERÍA—10
A CRUÑA

VIÑOS

POR MAOR á 10 e 14 reas cantra de 16 litros.
POR MENOR e p'ra cal á 19 reas.
Litro á 0'35 pesetas.

Restaurant

FORNOS

OLMOS, 25

PINTURAS

E

VIDROS

DE

Pedro Cajiao

San Andrés, 118

A CRUÑA

M. VAL

SANTA CATALINA, 17

A CRUÑA

Gran depósito de viños d' as mais renomeadas marcas.

Thés, cafés e chiculates

Café Universal

DE

J. Fernádez

San Andrés

170—172—174

A Cruña

Nieto e Puente

S. ANDRÉS, 204

A CRUÑA

VIÑOS

o por maor

Se garantizan

Manoela Jaspe

ARMADURAS, FRORES, PRUMAS é sombreiros adornados pra siñoras é nenos.

ULTEMA NOVEDADE

ESTREITA SAN ANDRÉS 7

Xulio Fraga

Ultemas novedades en sombreiros de, todas clas.

S'adimiten encargos pra reformas e composturas.

Precios baratismos.

SAN ANDRÉS 31

Antón Fernández

Relós de precision, despertadores de todal-as clas. Liontinas de prata e nikel.

Se fan composturas tanto en relós eomo en caixas de múseca, á precios sin competencia.

ESTREITA SAN ANDRÉS 13

Gran Barato Mercantil

SANTA CATALINA 34,

Esquina á San Andrés

Manoel Rodríguez

Camisolas, corbatas Panos de lio e seda.

Paragüas, sombreiros, xéneros de punto, panería é lencería á precios

Sin competencia.

A URBANA

COMPAÑÍA ANÓNEM'A PRIMAS FIXAS CONTR'A OS INCENDIOS

FUNDADA N'O 1838

Estabrecida en París, calle LE PELETIER 8 É 10

Capital social: 5.000,000

Garantía de toda naturaleza

58.000,000

Siniestros pagos dendes á fundación d'a Compañía.

105.000,000

Apoderado xenerál, *Lino Molina.*

MARINA 22 --A CRUÑA

Reloxería é prateria

DE

Xaquín Fernández

1--SAN COLAS--1

Se cambean moedas de prata y-ouro, españolas y-extranxeiras: se merc'ouro é prata é fánse é compoñense toda clas d'ouxetos do mesmo metal coma tamen se montan pedras preceosas.

1—SAN COLAS—1

BARBERIA

DO

Comerceo

DE

Leon Fernández

1—OLMOS—1

A CRUÑA

Goarnicionería

DE

J. González Hirmân

Fánse toda clas de goarniciós é composturas.

Efectos militares, monturas, maletas é todo'o concernente ó ramo.

Franxa 45

A CRUÑA

LINO PEREZ

REAL, 43. ou kiosko xunt' o Teatro

PRA 1895

Naide mais barato

Calendarios de parede de todal-as feituras e tamaños. Relixiosos, de cociña, churrusqueiros de comercio etc. etc.. dende *catro cans grandes* en adiante

Venta ó por maor

Axendas de bufete e Dietarios á 1,50, 3 e 4 ptas. Tarxetas pra felicitaciós, cromos e libros de misa.—Contos pra nenos, e toda clás d'obras e novelas.—Suscriciós ós principales pródicos

Libros D' Autualidade

ALMANAQUE GALLEGO pra 1895: *1 pta.*
O practicón, d'Anxel Muro, a 6 y 8 ptas.
Guias de ferro-carriles, a dous reás.

Lino Pérez

A CRUÑA—43, Real, 43